Consello de Contas
de Galicia

Domingo Fontán, nº 7
15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 542200
Fax: 981 542210
E-mail: cmaior@ccontasgalicia.es
www.ccontasgalicia.es

Consello de Contas de Galicia
REXISTRO XERAL
N.º 163
DATA: 24.03.17
S A Í D A

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO GERAL ENTRADA
24 MAR. 2017
Núm. 7047

Ref.: Area de Coordinación Xeral

Asunto: *Informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016*

Dando cumprimento ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, achégase o informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 25 de setembro de 2016, aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia no día de hoxe.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

O CONSELLEIRO MAIOR

Consello de Contas de Galicia
O CONSELLEIRO MAIOR

Asdo.: José Antonio Redondo López

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Consello de Contas
de Galicia

INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS. ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2016

INDICE

1. INTRODUCIÓN 1
1.1. MARCO LEGAL 1
1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN 2
1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN 4
1.4. ALCANCE 5
1.5. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN 5
1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN 9
2. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN 10
2.1. RESULTADOS ELECTORAIS 10
2.2. TIPOS DE SUBVENCIÓNS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN 12
2.3 DETERMINACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIÓNS 13
2.4 ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS 16
2.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS ELECTORAIS 18
2.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS 22
2.7. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN SOBRE CADA UNHA DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS 23
2.8. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS 23
3. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS 23
3.1. PARTIDO POPULAR 25
3.1.1. Documentación presentada 25
3.1.2. Ingresos e gastos da campaña electoral 25
3.1.3. Ingresos da campaña electoral 25
3.1.4. Gastos electorais 27
3.1.5. Límite dos gastos electorais 28
3.1.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores 30
3.1.7. Tesourería da campaña 30
3.1.8. Determinación do límite máximo da subvención PP de G 32
3.1.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións 32
3.1.10. Liquidación da subvención 33
3.1.11. Conclusións 34

3.2. EN MAREA 37
3.2.1. Documentación presentada 37
3.2.2. Ingresos e gastos da campaña electoral 37
3.2.3. Ingresos da campaña electoral 38
3.2.4. Gastos electorais 40
3.2.5. Límite dos gastos electorais 42
3.2.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e acredores 43
3.2.7. Tesourería da campaña 44
3.2.8. Determinación do límite máximo da subvención a EN MAREA 45
3.2.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións 45
3.2.10. Liquidación da subvención 46
3.2.11. Conclusións 47

3.3. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL 49
3.3.1. Documentación presentada 49
3.3.2. Ingresos e gastos da campaña electoral 49
3.3.3. Ingresos da campaña electoral 49
3.3.4. Gastos electorais 51
3.3.5. Límite dos gastos electorais 53
3.3.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e acredores 54
3.3.7. Tesourería da campaña 54
3.3.8. Determinación do límite máximo da subvención ao PS de G-PSOE 56
3.3.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións 56
3.3.10. Liquidación da subvención 57
3.3.11. Conclusións 58

3.4. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-NÓS Candidatura Galega 61
3.4.1. Documentación presentada 61
3.4.2. Ingresos e gastos da campaña electoral 61
3.4.3. Ingresos da campaña electoral 62
3.4.4. Gastos electorais 63
3.4.5. Límite dos gastos electorais 65
3.4.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores 66
3.4.7. Tesourería da campaña 66
3.4.8. Determinación do límite máximo da subvención BNG-NÓS C.G. 67
3.4.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións 68
3.4.10. Liquidación da subvención 69
3.4.11. Conclusións 70

4. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS E SUBVENCIÓN PROCEDENTE 72

5. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS 74

ÍNDICE DE CADROS

Cadro nº 1: Resultados xerais 10
Cadro nº 2: Reparto de votos 11
Cadro nº 3: Reparto de escanos 11
Cadro nº 4: Subvencións máximas por votos e escanos 13
Cadro nº 5: Subvención máxima por envíos electorais 13
Cadro nº 6: Subvencións máximas totais 14
Cadro nº 7: Análise comparativa por formacións políticas 15
Cadro nº 8: Anticipo de subvención 16
Cadro nº 9: Límite de gasto por circunscrición 19
Cadro nº 10: Histórico do límite de gasto electoral 20
Cadro nº 11: Volume máximo de gasto para cada formación política 20
Cadro nº 12: Ingresos e gastos electorais declarados PP de G 25
Cadro nº 13: Ingresos declarados PP de G 26
Cadro nº 14: Gastos ordinarios declarados PP de G 27
Cadro nº 15: Gastos por envíos de propaganda declarados PP de G 28
Cadro nº 16: Límites de gastos electorais PP de G 29
Cadro nº 17: Tesourería PP de G 31
Cadro nº 18: Subvencións electorais PP de G 32
Cadro nº 19: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PP de G 33
Cadro nº 20: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 PP de G 33
Cadro nº 21: Subvencións electorais PP de G 34
Cadro nº 22: Ingresos e gastos electorais declarados EN MAREA 38
Cadro nº 23: Ingresos declarados EN MAREA 38
Cadro nº 24: Gastos por operacións ordinarias EN MAREA 41
Cadro nº 25: Gastos por envíos de propaganda declarados EN MAREA 42
Cadro nº 26: Límites de gastos electorais EN MAREA 43
Cadro nº 27: Tesourería EN MAREA 44
Cadro nº 28: Subvencións electorais EN MAREA 45
Cadro nº 29: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) EN MAREA 46

Cadro nº 30: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 EN MAREA 46
Cadro nº 31: Ingresos e gastos electorais declarados PS de G-PSOE....49
Cadro nº 32: Ingresos declarados PS de G-PSOE....50
Cadro nº 33: Gastos por operacións ordinarias PS de G-PSOE....51
Cadro nº 34: Gastos por envíos de propaganda electoral PS de G-PSOE....52
Cadro nº 35: Límites de gastos electorais PSde G-PSOE....53
Cadro nº 36: Tesourería PSdeG-PSOE....55
Cadro nº 37: Subvencións electorais PS de G-PSOE 56
Cadro nº 38: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PS de G-PSOE 57
Cadro nº 39: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 PS de G-PSOE 57
Cadro nº 40: Subvencións electorais PS de G-PSOE 58
Cadro nº 41: Ingresos e gastos electorais declarados BNG-NÓS-C.G....61
Cadro nº 42: Ingresos declarados BNG-NÓS-C.G....62
Cadro nº 43: Gastos por operacións ordinarias BNG-NÓS C.G. 63
Cadro nº 44: Gastos por envíos de propaganda electoral BNG-NÓS C.G. 64
Cadro nº 45: Límites de gastos electorais BNG-NÓS C.G. 65
Cadro nº 46: Tesourería BNG-NÓS C.G. 66
Cadro nº 47: Subvencións electorais BNG-NÓS C.G. 67
Cadro nº 48: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) BNG-NÓS C.G. 68
Cadro nº 49: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 BNG-NÓS C.G. 69
Cadro nº 50: Subvencións electorais BNG-NÓS C.G. 69
Cadro nº 51: Subvención procedente 72
Cadro nº 52: Subvención pendente de liquidar. 73

ABREVIATURAS

LOREX : Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral

LEPG: Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia

LFFP: Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas

PXC: Plan Xeral de Contabilidade de 2007, aprobado polo Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro

PP: Partido Popular.

PSdeG-PSOE: Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español.

BNG-NÓS C.A. Bloque Nacionalista Galego –NÓS Candidatura Galega

1. INTRODUCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (BOE núm.147 do 20.06.1985), en adiante LOREX, nos termos que establece a súa Disposición Adicional 1ª, é de aplicación ás eleccións ás Asembleas das Comunidades Autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

A lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, reformada pola lei 8/2015, do 7 de agosto, establece no seu artigo 2.2: "Quedan sometidos á actuación do Consello de Contas, na medida necesaria para o axeitado exercicio das funcións deste órgano: b) As formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos."

Pola súa parte, a Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 165, do 31 de agosto de 2015, regula o financiamento das formacións políticas e entidades vinculadas ou dependentes delas, e establece mecanismos de control e fiscalización coas formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas e impón especiais obrigas de transparencia. Esta lei derroga o título VI da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e modifica o seu artigo 1, que no seu apartado 2 establece que *"a materia relativa a gastos e subvencións electorais rexerase polo disposto na lei que regula o financiamento de formacións políticas e de fundacións e entidades vinculadas a elas."*

O artigo 22 da lei 9/2015 atribúe ao Consello de Contas de Galicia a función fiscalizadora de comprobación da regularidade das contabilidades electorais no seu ámbito de competencias, así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que esixe o artigo 17 da mesma norma ás formacións políticas beneficiarias das subvencións para gastos electorais.

O artigo 27.1 da lei 9/2015 establece que *"Dentro dos seis meses posteriores ás eleccións, o Consello de Contas emitirá informe razoado e detallado no que se pronunciará, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade da contabilidade electoral, así como sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 desta lei, respecto de cada unha das formacións políticas." No seu apartado 3 precisa que "Se o resultado da fiscalización é favorable, o Consello de Contas propoñerá, para aquelas*

formacións políticas que soliciten a subvención, a adxudicación desta, coa mención expresa da súa contía." De ser o caso, o Consello de Contas propoñerá a non adxudicación da subvención, a redución do seu importe ou mesmo o traslado ao Ministerio Fiscal, nos supostos descritos nos apartados 4, 5 e 7 do mesmo artigo 27.

Finalmente, o artigo 28 da citada lei establece que *"1. Dentro dos quince días seguintes ao da emisión do informe previsto no artigo anterior, o Consello de Contas elevarao ao Parlamento de Galicia, coa remisión de copias á Xunta de Galicia e ás formacións políticas afectadas. 2. Do informe tamén se dará traslado ao Tribunal de Contas."*

Na realización da fiscalización das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, tivéronse en conta ademais das normas anteriormente citadas, as disposicións especificamente promulgadas con motivo das mesmas, principalmente as seguintes:

- Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións (DOG núm. 145 do 2.08.2016).

- Orde do 2 de agosto de 2016 (DOG núm. 146 do 3.08.2016) pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 25 de setembro de 2016.

- Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 10 de outubro de 2016 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 25 de setembro de 2016 (DOG núm. 194 do 11 de outubro de 2016).

Así mesmo se tiveron en conta os acordos comunicados ao Consello de Contas, adoptados pola Xunta Electoral de Galicia no uso das competencias que lle outorgan as leis electorais.

1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN

O artigo 23 da lei 9/2015 establece:"1. *"Entre os cen e os cento vinte e cinco días posteriores ao das eleccións, as formacións políticas que reúnan os requisitos esixidos para seren beneficiarias das subvencións ou que solicitasen anticipos con cargo a estas de acordo co disposto no artigo 20 desta lei deberán presentar ante o Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais, a cal deberá axustarse ao disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como ao plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas que elabore o Tribunal de Contas ao abeiro do indicado na disposición derradeira*

oitava da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos. Esta contabilidade recollerá necesariamente a orixe dos fondos e a súa aplicación e deberá ir acompañada da documentación xustificativa dos ingresos e gastos electorais.

Ademais, en relación cos envíos ás persoas electoras de sobres e papeletas electorais e de propaganda e publicidade electoral, as formacións políticas ás que se refire o parágrafo anterior deberán declarar de forma expresa en documento á parte o número de envíos realizados e achegar a documentación acreditativa da súa realización."

2. No mesmo prazo previsto no punto anterior, os partidos políticos, as federacións e as coalicións que reúnan os requisitos esixidos para seren beneficiarios das subvencións ou que solicitasen anticipos con cargo a estas de acordo co disposto no artigo 20 desta lei deberán presentar ante o Consello de Contas a seguinte documentación:

a) A acreditativa do cumprimento en prazo e coas obrigas establecidas en relación coa presentación das contas anuais, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, correspondentes ao exercicio no que percibiron as subvencións, as cales deberán axustarse ao plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas que elabore o Tribunal de Contas ao abeiro do indicado na disposición derradeira oitava da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos.

b) Copia das comunicacións de doazóns de bens inmobles situados no ámbito de Galicia que lle foron remitidas ao Tribunal de Contas conforme ao disposto no punto 2 do artigo 5 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

c) Acreditación de non teren recibido doazóns de persoas físicas das previstas na letra d) do punto 1 do artigo 17 desta lei.

Os requisitos aos que se refire o artigo 23 en relacións coas formacións políticas para seren beneficiarias das subvencións para gastos electorais os establece o artigo 17.1 cando dispón como condicións as seguintes:

a) Obteren representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 19.

b) Non recibiren doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia cando o seu valor de taxación sexa superior, no prazo dun ano, a 50.000 euros.

c) Non recibiren doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.

d) Cumpriren coas obrigas que derivan da lexislación xeral sobre financiamento dos partidos políticos. No caso das federacións e coaliciónns, este requisito será aplicable tanto a estas como ás formacións políticas federadas ou coligadas.

Os administradores ou administradoras electorais das candidaturas son as persoas responsables dos seus ingresos e gastos e da súa contabilidade. A contabilidade axustarase ao disposto na materia pola Lei 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como o plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Pleno do Tribunal de Cuentas o día 8 de outubro de 2013, aplicable desde o 1 de xaneiro de 2014.

As formación políticas incluídas no ámbito de aplicación do citado artigo 23 son as seguintes:

- Partido Popular.
- En Marea
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
- BNG-NÓS Candidatura Galega

Estas formacións políticas cumpriron co mandato legal presentando a súa contabilidade electoral dentro do período legalmente establecido que rematou o 28 de xaneiro de 2017.

1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O artigo 27 da lei 9/2015 require do Consello de Contas que emita un informe razoado e detallado no que se pronunciará sobre a regularidade da contabilidade electoral, así como sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 desta lei, respecto de cada unha das formacións políticas, debendo efectualo dentro dos seis meses seguintes á celebración das eleccións.

Para cumprir este mandato legal o Pleno do Consello de Contas aprobou a realización desta fiscalización cuxos obxectivos xerais son os seguintes:

1.- Comprobación do cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e gastos electorais das eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016.

2.- Asegura-la representatividade da contabilidade electoral rendida.

3.- Verifica-lo grao de xustificación documental dos rexistros contables.

4. Pronunciamento expreso sobre a adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

1.4. ALCANCE

A fiscalización tivo como obxecto verificar a regularidade das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, rendidas polas formacións políticas, examinando o seu grao de axuste ao disposto na materia pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xuño, sobre financiamento dos partidos políticos, así como polo plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado o 8 de outubro de 2013 polo Pleno do Tribunal de Cuentas vixente desde o 1 de xaneiro de 2014, e pola Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, prestando especial atención aos recursos, gastos e tesourería da campaña.

As verificacións da contabilidade electoral realizáronse sobre os orixinais da documentación contable e xustificativa que presentaron as formacións políticas ante o Consello de Contas de Galicia, asegurando a adecuación dos rexistros contables á natureza económica de cada operación e a exactitude das contías rexistradas.

1.5. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN

A fiscalización levada a cabo desenvolveuse conforme ao programa de traballo axustado ás prescricións legais aplicables, que contén como procedementos e probas de verificación básicas os seguintes:

1. Control previo da documentación:

- Comprobación da correcta presentación da contabilidade electoral, por todas as formacións obrigadas a rendela, dentro do prazo establecido no artigo 27.1 da Lei 9/2015, que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axuste aos principios xerais contidos no Plan de Contabilidade aplicable ás formacións políticas vixente (artigo 121.2º LOREX e 23 Lei 9/2015).

- Verificación de que a documentación contable e a demais documentación xustificativa se atope debidamente dilixenciada. (artigo 23.3 Lei 9/2015)

- Revisión da coherencia interna da contabilidade presentada.

2. Control previo de cumprimento dos requisitos que establece o artigo 17 da Lei 9/2015, para poder ter dereito ás subvencións para gastos electorais

- Comprobar a obtención de representación parlamentaria da respectiva formación política.

- Comprobar que as formacións políticas non recibiron doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia cando o seu valor de taxación sexa superior, no prazo dun ano, a 50.000 euros.

- Comprobar que as formacións políticas non teñen recibido doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10 % en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.

- Comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre financiamento dos partidos políticos. No caso das federacións e coalicións, este requisito será aplicable tanto a estas como ás formacións políticas federadas ou coligadas.

- Comprobar que ningunha das formacións que están obrigadas a render a contabilidade electoral non incorren nas circunstancias previstas nos puntos 3 e 4 do artigo 127 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

3. Control dos recursos:

- Análise da orixe dos recursos aportados polos partidos (artigo 126.3 LOREX e 12 Lei 9/2015).

- Verificación do cumprimento da obriga de ingresar todos os fondos destinados a sufragar gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, en contas abertas específicamente para as eleccións (artigo 125 LOREX e 12 Lei 9/2015).

- Verificación do cumprimento do límite máximo de 10.000 euros dos achegamentos e aportacións fixado no artigo 129 da LOREX e 12 da Lei 9/2015, comprobando que constan os datos de identificación esixidos no artigo 126 respecto das persoas físicas ou xurídicas que contribúan ao financiamento da campaña electoral.

- Verificación do cumprimento da prohibición de aportar fondos imposta ás administracións públicas, organismos autónomos, entidades paraestatais, empresas do sector público ou con contrato en vigor con algunha administración pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 LOREX e 12 Lei 9/2015).

4. Control dos gastos electorais:

- Asegurar que os gastos se corresponden coas eleccións de referencia e verificar que están correctamente documentados e rexistrados na contabilidade, atendendo aos principios contables aplicables e á lexislación mercantil e fiscal.

- Verificar que os gastos electorais foron contraídos desde a data de convocatoria de eleccións ata a da proclamación de electos (artigo 130 LOREX e 14 Lei 9/2015).

- Verificar a correcta xustificación do número de envíos persoais e directos de propaganda electoral efectuados aos electores. O importe dos gastos por envíos electorais que non resulte cuberto pola subvención a percibir polo número de envíos xustificados poderán considerarse como gastos da actividade electoral ordinaria.

5. Control dos límites de gastos electorais:

- Verificar que as formacións políticas fiscalizadas non efectuaron gastos superiores ao límite imposto pola Orde do 2 de agosto de 2016, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016.

- Verificación do cumprimento das limitacións específicas que se impoñen sobre os gastos en publicidade electoral exterior (artigos 55.3 da LOREX e 15.6 da Lei 9/2015) e sobre gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas (artigo 58 da LOREX e 15.3 da Lei 9/2015).

6. Control do cumprimento por terceiros das obrigas de comunicación previstas pola LOREX e a Lei 9/2015.

- Comprobar que as entidades financeiras remitiron ao Consello de Contas a información sobre os créditos electorais concedidos ás formacións políticas que se presentaron ás eleccións (artigo 133.4 LOREX e 24 Lei 9/2015).

- Comprobar que as empresas que facturaron ás formacións políticas por gastos da campaña electoral superiores a 10.000 euros, comunicaron por escrito ao Consello de Contas a realización das correspondentes prestacións (artigo 133.5 LOREX e 24 Lei 9/2015).

7. Control da Tesourería

- Verificación de que a apertura das contas electorais en entidades de crédito, e a súa notificación á Xunta Electoral Provincial, se levou a cabo segundo establece o artigo 124 da LOREX e os artigos 9 e 11 da Lei 9/2015.

- Comprobar que todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, se ingresan nas contas electorais expresamente habilitadas e todos os gastos se pagan con cargo ás mesmas (artigos 10 a 12 Lei 9/2015)

- Comprobar que os fondos das contas correntes de campaña foron dispostos dentro do prazo dos noventa días seguintes ao da celebración das eleccións (artigo 125 LOREX e 12 Lei 9/2015).

8. Control do cálculo das subvencións

- Determinar o importe da subvención para gastos electorais procedente, atendendo á fiscalización dos gastos xustificados e ao cumprimento dos límites e requisitos que establece a Orde do 2 de agosto de 2016, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016, aos límites impostos pola Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, e aos límites impostos na LOREX.

9. Control dos supostos de non adxudicación ou redución das subvencións electorais

- Determinar si existen supostos encadrables nos apartados 4 e 5 do artigo 20 da Lei 9/2015, de non adxudicación ou redución das subvencións electorais.

- Así mesmo, determinar si existen os supostos previstos nos apartados 6 e 7 do artigo 20 da Lei 9/2015.

- Comprobar que en ningún caso a subvención correspondente a cada formación política supera a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora (artigo 19.5 Lei 9/2015). No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención (artigo 19.6 Lei 9/2015).

10. Control dos anticipos de subvencións concedidos

- Comprobación de que a solicitude de anticipo do 30% das subvencións para gastos electorais se realiza polas formacións políticas dentro do prazo establecido (artigo 20.4 Lei 9/2015).

- Comprobación da recepción das solicitudes do anticipo do 30% no Consello de Contas (artigo 20.6 Lei 9/2015).

- Solicitude ao órgano correspondente da Administración da Comunidade Autónoma dos datos e informacións derivadas da tramitación dos anticipos do 30% de ser o caso concedidos.

- De ser o caso, comprobación dos requisitos que deben cumprir as formacións políticas na solicitude dos anticipos do 90% das subvencións electorais. (artigo 26 Lei 9/2015).

1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

No transcurso desta fiscalización non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance, téndose dado satisfacción aos obxectivos propostos.

2. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

2.1. RESULTADOS ELECTORAIS

O artigo 3 do Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, dispón que en aplicación do artigo 9 da LEPG, o número de deputados a elixir é de 75, distribuídos nas circunscricións de A Coruña (25), Lugo (14), Ourense (14) e Pontevedra (22).

No Acordo do 10 de outubro de 2016 da Xunta Electoral de Galicia, publicado no D.O.G. nº 194 do 11 de outubro de 2016, fanse públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 25 de setembro de 2016.

Cadro nº 1: Resultados xerais

Censo electoral e participación	
Censo de electores	2.701.932
Participación	1.448.962
Abstención	1.252.970
Votos a candidaturas	1.420.381
Votos en branco	14.037
Votos válidos	1.434.418
Votos nulos	14.544

Cadro nº 2: Reparto de votos

Formación política	Votos obtidos	Número de electos
PARTIDO POPULAR	**682.150**	**41**
EN MAREA	**273.523**	**14**
PSdeG-PSOE	**256.381**	**14**
BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA	**119.446**	**6**
CIUDADANOS PARTIDO DE LA CIUDADANIA	48.553	----
PACMA	15.135	----
DEMOCRACIA OURENSANA	7.723	----
COMPROMISO POR GALICIA	4.109	----
PARTIDO ANTICORRUPCIÓN Y JUSTICIA	2.535	----
GANEMOS GALICIA: Sí se puede	2.344	----
RECORTES CERO-GRUPO VERDE	2.276	----
CIDADÁNS-CENTRUM	1.534	----
PARTIDO COMUNISTA DOS PE-COM. DA GALIZA	1.263	----
ESCAÑOS EN BLANCO	1.111	----
ACCIÓN DEMOCRÁTICA CIUD. DE GALICIA	651	----
CONVERXENCIA VINTEÚN	493	----
ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DE GALICIA	367	----
UNIDOS POR EL FUTURO!	296	----
VIA NOVA GALICIA	281	----
PARTIDO LIBERTARIO	210	----
Total	**1.420.381**	**75**

Cadro nº 3: Reparto de escanos

Número de electos por provincia					
	PP	**En Marea**	**PSdeG-PSOE**	**BNG**	**TOTAL**
Coruña, A	13	5	5	2	**25**
Lugo	8	2	3	1	**14**
Ourense	9	2	2	1	**14**
Pontevedra	11	5	4	2	**22**
Galicia	**41**	**14**	**14**	**6**	**75**

2.2. TIPOS DE SUBVENCIÓNS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN

Na Lei 9/2015, do 7 de agosto, contémplanse dous tipos de subvencións electorais. O apartado 1º do seu artigo 19 dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

a) Subvención por cada escano obtido no Parlamento de Galicia. (20.889,10€)

b) Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña, polo menos, un escano de deputado ou deputada. (0,77€)

No apartado 2 deste mesmo artigo 19, se establece que "Para os gastos ocasionados polo envío directo e persoal ás persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, a contía da subvención será de vinte e dous céntimos de euro (0,22 €) por persoa electora comprendida na circunscrición ou circunscricións nas que a formación política presentase candidatura, sempre que a candidatura de referencia obteña representación parlamentaria.

As cantidades das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do día 25 de setembro de 2016 actualizáronse pola Orde da Consellería de Facenda do 2 de agosto de 2016, que estableceu o seguinte:

"Art Único- As cantidades ás que se refire o artigo 19 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

*1. Subvención de vinte mil setecentos sesenta e tres euros e setenta e sete céntimos (**20.763,77 €**) por cada escano obtido.*

*2. Subvención de setenta e sete céntimos de euro (**0,77 €**) por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura se, polo menos, un dos membros dela obtivo escano de deputado.*

*3. Ademais das subvencións a que se refiren os números anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará aos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral, a razón de vinte e dous céntimos de euro (**0,22 €**) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.*

*4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por sesenta e dous céntimos de euro (**0,62 €**) o número de habitantes correspondentes á poboación de*

dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Para o cálculo do devandito límite non se incluirán as contías subvencionadas de acordo co número 3 anterior."

2.3 DETERMINACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIÓNS

A aplicación das contías establecidas pola Orde do 2 de agosto de 2016, da Consellería de Facenda, aos resultados electorais comporta a seguinte distribución das subvencións públicas máximas:

Cadro nº 4: Subvencións máximas por votos e escanos

Formación política	Votos obtidos	Euros/voto	Subvención votos (1)	Número de electos	Euros/escano	Subvención escanos (2)	Total (1)+(2)
PP	682.150	0,77	525.255,50	41	20.763,77	851.314,57	1.376.570,07
EN MAREA	273.523	0,77	210.612,71	14	20.763,77	290.692,78	501.305,49
PSdeG - PSOE	256.381	0,77	197.413,37	14	20.763,77	290.692,78	488.106,15
BNG	119.446	0,77	91.973,42	6	20.763,77	124.582,62	216.556,04
Total	**1.331.500**	**0,77**	**1.025.255,00**	**75**	**20.763,77**	**1.557.282,75**	**2.582.537,75**

Cadro nº 5: Subvención máxima por envíos electorais

Candidaturas	Número máximo De electores	Euros/elector	Subvención Máxima (€)
PP / EN MAREA / PS de G-PSOE / BNG-NÓS C.G.	2.701.932	0,22	594.425,04

Cadro nº 6: Subvencións máximas totais

Candidatura	Subvención por votos (1)	Subvención por escanos (2)	Subvención por envíos electorais (3)	Subvencións Totais máximas (1)+ (2)+(3)
PP	525.255,50	851.314,57	594.425,04	1.970.995,11
EN MAREA	210.612,71	290.692,78	594.425,04	1.095.730,53
PSdeG - PSOE	197.413,37	290.692,78	594.425,04	1.082.531,19
BNG	91.973,42	124.582,62	594.425,04	810.981,08
Total	**1.025.255,00**	**1.557.282,75**	**594.425,04**	**3.176.962,04**

Os importes máximos das subvencións están supeditados a que xustifiquen os gastos como regulares, de conformidade co disposto no artigo 127 da LOREX e 19.5 da Lei 9/2015, porque en ningún caso, a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.

As contías das subvencións que polos distintos conceptos percibirán as formacións políticas que obtiveron representación parlamentaria teñen experimentado un importante incremento respecto das cantidades aprobadas para os comicios de 2012.

A subvención por cada escano obtido incrementouse nun 33,69%, pasando de 15.530,93 euros a 20.763,77 euros.

A subvención por votos obtidos incrementouse nun 32,76%, pasando de 0,58 euros por voto obtido a 0,77 euros por voto obtido.

A subvención para gastos de propaganda electoral pasou de 0,16 euros a 0,22 euros, incrementándose nun 37,5%.

O límite de gastos electorais pasou de 0,46 euros a 0,62 euros, incrementándose nun 34,78%.

Cadro nº 7: Análise comparativa por formacións políticas

Candidatura	2016	2012	Incremento Euros	Incremento %
PP				
Subv por escano obtido	851.314,57	636.768,13	214.546,44	33,69
Subv por votos obtidos	525.255,50	383.542,98	141.712,52	36,95
Subv gtos propaganda elect	594.425,04	431.634,72	162.790,32	37,71
Total PP	**1.970.995,11**	**1.451.945,83**	**519.049,28**	**35,75**
PSdeG-PSOE				
Subv por escano obtido	290.692,78	279.556,74	11.136,04	3,98
Subv por votos obtidos	197.413,37	172.598,72	24.814,65	14,38
Subv gtos propaganda elect	594.425,04	431.634,72	162.790,32	37,71
Total PSdeG-PSOE	**1.082.531,19**	**883.790,18**	**198.741,01**	**22,49**
BNG-NÓS C.E.				
Subv por escano obtido	124.582,62	108.716,51	15.866,11	14,59
Subv por votos obtidos	91.973,42	84.695,66	7.277,76	8,59
Subv gtos propaganda elect	594.425,04	431.634,72	162.790,32	37,71
Total BNG-NÓS C.E.	**810.981,08**	**625.046,89**	**185.934,19**	29,75
Total das 3 formacións políticas	**3.864.507,38**	**2.960.782,90**	**903.724,48**	**30,52**

A Orde do 2 de agosto de 2016, indíca que o cálculo das contías previstas para o ano 2016 efectuouse a partir das contías fixadas no artigo 19 da Lei 9/2015, e na medida que as subvencións tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia ás eleccións autonómicas, e que o artigo 5 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, permite, no que atinxe ás revisións non periódicas de valores monetarios realizadas polo sector público, o emprego excepcional de índices específicos de prezos que mellor reflictan a evolución dos custos, establécense as cantidades no artigo Único da Orde.

Así mesmo, tendo en conta a heteroxeneidade dos custos financiables recollidos no artigo 14 da devandita Lei 9/2015, así como a posibilidade de diferentes intensidades de cada un, optouse por empregar como factor de actualización a variación interanual de prezos da Comunidade Autónoma.

Por isto, a partir dos datos máis actuais dispoñibles, o resultado supón unha variación do -0,6 %, índice que se aplica ás contías do referido artigo 19.

2.4 ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS

O artigo 20 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, establece que "1. A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas aos partidos, ás federacións e ás coalicións que os soliciten e que obtivesen subvencións nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia, agás que se visen privados delas con posterioridade. 2. A cantidade anticipada non poderá exceder o 30% da subvención total por gastos electorais percibida polo mesmo partido, federación ou coalición naquelas eleccións."

Conforme a esta prescrición legal concedéronse os seguintes anticipos de subvencións:

Cadro nº 8: Anticipo de subvención

Formación política	Subvención 2012	Anticipo 30%
PP	1.313.741,11	394.122,33
PSdeG - PSOE	820.024,90	246.007,47
BNG	624.854,25	187.456,28
Total	**2.758.620,26**	**827.586,08**

Estas cifras coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30% legalmente establecido, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións do 21 de outubro de 2012 ao Parlamento de Galicia.

A normativa reguladora tamén recoñece ás formacións políticas beneficiarias de subvencións para gastos electorais a posibilidade de obter un anticipo de ata o 90% do importe da subvención.

En efecto, o artigo 133.4 da LOREX establece: "O Estado (Comunidade Autónoma), no prazo de 30 días posterior á presentación ante o Tribunal de Cuentas (Consello de Contas) da súa contabilidade e en concepto de adianto mentres non conclúan as actuacións do Tribunal de Cuentas (Consello de Contas), entregará aos administradores electorais o 90% do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos na presente Lei cos resultados xerais publicados no BOE (DOG), descontado, no seu caso, o anticipo a que se refire o apartado 1 do artigo 127.bis de esta Lei.

Dispón este artigo que para poder recibir o anticipo os partidos, coalicións e federacións deberán presentar aval bancario polo 10% da subvención percibida e certificación acreditativa da adquisición, polos electos pertencentes á formación política, da condición plena de Deputado.

Pola súa parte, o artigo 26 da Lei 9/2015 establece que "Mentres non conclúan as actuacións de fiscalización do Consello de Contas, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma concederá anticipos

do 90% do importe das subvencións que, correspondan ás formacións políticas en función dos resultados das eleccións publicados e do número de envíos a persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral declarados como efectuados por cada unha delas, e deberá descontarse, de ser o caso, o importe do anticipo ao que se refire o artigo 20 desta lei.

Para poder obter o anticipo do 90%, a Lei 9/2015 é máis esixente, sendo necesario para a concesión deste anticipo que entre os 100 e os 121 días posteriores á celebración das eleccións o Consello de Contas comunique á Xunta de Galicia a relacións de formacións políticas que cumpriron os seguintes requisitos (Artº 26.2):

- Contabilidade detallada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais, que deberá estar axustada ao disposto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e tamén axustada ao Plan de Contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Contas o 26 de setembro de 2013.

- Estado de orixe e aplicación de fondos.

- Documentación xustificativa dos ingresos e gastos electorais

- Documento aparte onde conste o número de envíos a electores de propaganda electoral e documentación acreditativa da súa realización.

- Documentación acreditativa do cumprimento en prazo e coas obrigacións establecidas en relación coa presentación das contas anuais, conforme establece o artigo 14 da Lei 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos, correspondente ao exercicio no que percibiron as subvencións as cales deberán axustarse ao Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas aprobado polo Tribunal de Contas o 23 de setembro de 2013.

- Copia das comunicacións de doazóns de bens inmobles situados en Galicia que lle foron remitidas ao Tribunal de Contas en cumprimento do artigo 5.2 da Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

- Acreditación de non percibir doazóns de persoas físicas das previstas na letra c) do artigo 17.1 "Non recibir doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de todo orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co o sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e

persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico"

As formacións políticas deberán cumprir, así mesmo, diante da Xunta de Galicia, dous requisitos máis:

- Artº 26.2 b) A constitución por parte das formacións políticas dunha garantía por importe correspondente ao 10 % da subvención que, de acordo cos criterios establecidos neste capítulo, lles correspondería en función dos resultados das eleccións publicados e do número de envíos a persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral declarados como efectuados por cada unha delas. No caso de impugnación dos resultados electorais publicados, de ser tal impugnación estimada por sentenza firme, haberá que aterse aos termos que resulten da dita sentenza.
- Artº 26.2 c) A adquisición por parte das persoas electas das ditas formacións da condición plena de deputado ou deputada e o exercicio efectivo por parte das ditas persoas do cargo para o que sexan elixidas.

A requirimento deste Consello a Xunta de Galicia comunicou o estado da tramitación dos anticipos de subvencións aos partidos políticos.

Da documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza derívase:

1º) Que o primeiro anticipo foi pagado nas cantidades correspondentes ás formacións políticas que tiñan dereito a ilo conforme ao detalle que figura no cadro nº 8 deste informe de fiscalización.

2º) Que a 16 de febreiro de 2017 (superado o prazo establecido no artigo 26.4 da lei 9/2015), non se recibiron solicitudes para a tramitación do anticipo do 90% da subvención que corresponda. Esta situación mantense ata a data deste informe de fiscalización.

2.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS ELECTORAIS

O artigo 15.1 da Lei 9/2015, establece que *"O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por sesenta e dous céntimos de euro (0,62 €) o número de habitantes correspondente á poboación de dereito da circunscrición na que presente as súas candidaturas cada formación política. Para a aplicación desta fórmula teranse en conta as cifras de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal de habitantes oficialmente aprobada."*

Pola súa parte, o artigo Único.4 da Orde do 2 de agosto de 2016 da Consellería de Facenda, reguladora das cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais obxecto de fiscalización recolle a mesma previsión, engadindo que para o cálculo do devandito límite non se incluirán as contías das subvencións

correspondentes ao envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral.

Os datos do Padrón municipal de habitantes en vigor na data da celebración das eleccións foron os declarados polo Real Decreto 1079/2015, de 27 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2015.

De acordo con estes datos os límites dos gastos electorais fíxanse nas contías seguintes:

Cadro nº 9: Límite de gasto por circunscrición

Circunscricións	Poboación1/01/2015	€/habitante	Límite de gastos (€)
Coruña, A	1.127.196	0,62	698.861,52
Lugo	339.386	0,62	210.419,32
Ourense	318.391	0,62	197.402,42
Pontevedra	947.374	0,62	587.371,88
Galicia	**2.732.347**	**0,62**	**1.694.055,14**

O límite máximo de gastos da Comunidade Autónoma no seu conxunto, sen ter en conta os gastos correspondentes ao envío aos electores de sobres e papeletas electorais ou publicidade e propaganda, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ao concorreren todas elas aos comicios nas catro circunscricións.

De seguido figura o detalle do límite máximo de gastos desde as eleccións autonómicas de Galicia celebradas desde 1997 ata 2016.

Cadro nº 10: Histórico do límite de gasto electoral

Ano	Poboación	Límite de gasto por habitante	Límite de gasto
1997	2.825.020	0,41	1.158.258,20
2001	2.731.900	0,46	1.256.674,00
2005	2.750.985	0,52	1.430.512,20
2009	2.784.169	0,58	1.614.818,02
2012	2.795.422	0,46	1.285.894,12
2016	2.732.347	0,62	1.694.055,14

O límite máximo de gastos nas eleccións de 2016 aumentou respecto ao das anteriores eleccións de 2012 un 34,78%, pasando dun gasto de 0,46 euros por habitante a 0,62 euros por habitante.

O volume máximo de gastos electorais para cada formación política respecto das eleccións de 2016 ascendería a 2.190.321,46 euros, conforme ao seguinte detalle

Cadro nº 11: Volume máximo de gasto para cada formación política

Concepto	Importe
Importe máximo dos gastos por operacións ordinarias	1.694.055,14
Subvención máxima por envíos directos a electores (1)	594.425,04
Total	**2.288.480,18**

(1): Conforme ao cálculo que figura no cadro nº 5, apartado 2.3 deste informe

En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora (artigo 19.5 Lei 9/2015).

No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención (artigo 19.6 Lei 9/2015).

A LOREX impón outros dous límites de obrigado cumprimento:

Artigo 55. Límites aos gastos en publicidade electoral exterior. 1. Os concellos terán a obriga de reservar lugares especiais gratuitos para a colocación de carteis e, no seu caso, pancartas e carteis colgados a postes ou farolas polo sistema chamado de banderolas. A propaganda a través das pancartas e banderolas só poderá colocarse nos lugares reservados como gratuitos polos concellos.

....

3. O gasto das candidaturas neste tipo de publicidade non poderá exceder do 20 por cento do límite de gastos previsto nos artigos 175.2, 193.2 e 227.2, segundo o proceso electoral de que se trate."

Artigo 58. Límite dos gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio privadas. 1. As candidaturas terán dereito a realizar publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada sen que os gastos realizados nesta publicidade podan superar o 20 por cento do límite de gasto previsto para os partidos, agrupacións, coaliciòns ou federacións e as candidaturas nos artigos 175.2, 193.2 e 227,2, segundo o proceso electoral de que se trate."

Estes límites son aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016, en virtude do disposto en:

Artigo 15.6 da Lei 9/2015. Límite aos gastos en publicidade electoral exterior. "6. Será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite recollido no artigo 55.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral."

Artigo 15.3 da Lei 9/2015. Límite dos gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio privadas. "3. De conformidade co indicado no artigo 58 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20 % do límite de gastos previsto no número 1 deste artigo."

Na súa consecuencia, os gastos a realizar polas formacións políticas nos indicados conceptos de gastos en publicidade exterior non poderán ser superiores ao 20% da cifra de gastos suxeitos a límite que é de 1.694.055,14 euros, que ascende a 338.811,03 euros.

Pola súa parte e do mesmo xeito, os gastos en prensa periódica e emisoras de radio privada non poderán superar o mesmo límite de 338.811,03 euros.

2.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS

O artigo 132.1 da LOREX, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5 que *"así mesmo as Xuntas Electorais informarán ao Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora"*.

Consonte ao regulado nesta materia pola LOREX, o artigo 21 da Lei 9/2015 establece que desde a data da convocatoria ata o centésimo día posterior ao da celebración das eleccións, a Xunta Electoral de Galicia (XEG) velará polo cumprimento das normas establecidas nos artigos 5 ao 20 da Lei no Capítulo dedicado ao financiamento electoral, e para estes efectos correspóndelle o control da contabilidade electoral, podendo solicitar a colaboración do Consello de Contas.

Así mesmo, establece que a Xunta Electoral de Galicia informará ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia dos resultados da súa actividade fiscalizadora (Artº. 21.6 Lei 9/2015).

A Xunta Electoral de Galicia comunicou ao Consello de Contas os seguintes extremos:

- O nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos.
- Os datos das contas correntes abertas nas Entidades Financeiras.
- Os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.
- As formacións políticas que solicitaron á Xunta de Galicia o anticipo do 30% da subvención para gastos electorais.

Para dar cumprimento ao disposto nos artigos 21.6 da Lei 9/2015 e 132.5 da LOREX, o Consello de Contas solicitou por escrito o 14 de febreiro de 2017 á Xunta Electoral de Galicia, informe sobre os resultados da súa actividade fiscalizadora.

O 21 de febreiro de 2017, recibiuse escrito da XEG que traslada o acordo polo que toma coñecemento do solicitado polo Consello de Contas e o traslada ás Xuntas electorais provinciais para que comuniquen á XEG se realizaron algunha actividade fiscalizadora, e nese caso, trasladen os resultados da mesma.

Finalmente, a XEG notificou ao Consello de Contas de Galicia que na súa reunión do 2 de marzo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

"Comunicar ao Consello de Contas de Galicia que a Xunta Electoral de Galicia non realizou actuacións fiscalizadoras en relación coas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, por non haberse posto no seu coñecemento feito algún que esixira tal actuación fiscalizadora.

Igualmente comunicar que as Xuntas Electorais provinciais teñen informado a esta Xunta Electoral de Galicia de que tampouco realizaron actividade fiscalizadora algunha."

2.7. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN SOBRE CADA UNHA DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS

Formúlanse de xeito diferenciado para cada unha das formacións políticas os resultados da fiscalización efectuada para dar satisfacción aos obxectivos propostos, en materia de: documentación achegada, recursos financeiros, gastos electorais por operacións ordinarias, gastos por envíos electorais, cálculo do límite de gastos electorais, verificación do cumprimento dos artigos 133.4 e 133.5 da LOREX (Artº 24 da Lei 9/2015) da obriga de remisión de información por parte das entidades concedentes de créditos e provedores, tesourería da campaña (Fondos líquidos, intereses devindicados, contas bancarias, prazo dos pagamentos (Artº 125 LOREX e Artº 10.1 Lei 9/2015), cálculo do límite máximo da subvención, pronunciamento sobre proposta de non adxudicación ou de redución das subvencións electorais, conclusións e opinión de auditoría sobre a contabilidade electoral con formulación do importe da proposta de subvención definitiva.

2.8. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS

Finalmente, emítese unha declaración que, tendo en conta os gastos xustificados, pon de manifesto a cifra máxima que pode acadar a subvención pública unha vez descontados os adiantos percibidos e, polo tanto os importes líquidos pendentes de percibir por cada unha das formacións políticas concernidas no ámbito deste informe de fiscalización.

3. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS

De seguido, póñense de manifesto os resultados das verificacións realizadas inherentes á fiscalización, así como a opinión de auditoría sobre a representatividade das contabilidades electorais de cada unha das formacións políticas comprendidas no alcance desta fiscalización.

3.1. PARTIDO POPULAR

3.1.1. Documentación presentada

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2016, que foi inscrita no Rexistro de entrada do Consello de Contas cos números 73, 74 e 75 o día 19de xaneiro de 2017.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

3.1.2. Ingresos e gastos da campaña electoral

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

Cadro nº 12: Ingresos e gastos electorais declarados PP de G

INGRESOS E GASTOS DECLARADOS	Euros
Ingresos totais	1.908.554,29
Gastos totais	1.909.735,02
Diferencia	**-1.180,73**

3.1.3. Ingresos da campaña electoral

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PP para a súa campaña electoral ascenden a 1.908.554,29 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 13: Ingresos declarados PP de G

INGRESOS DECLARADOS	Euros
Achegas de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento (Crédito disposto)	214.431,96
Anticipos da Administración	394.122,33
Achegas do partido	1.300.000,00
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
Recursos totais	**1.908.554,29**

Non consta que houbera contribucións de persoas físicas ou xurídicas.

O PP subscribiu unha póliza de contrato de conta de crédito cunha entidade bancaria, cun límite de crédito de 400.000,00 euros e data de vencemento 21 de setembro de 2017. En garantía do pago aféctanse o dereito ao cobro das subvencións que poida recibir o PP polos resultados electorais, polo envío de papeletas, sobres ou publicidade, como consecuencia da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

A entidade concedente do crédito cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia en 2012, tal como dispoñen o artigo 127 da LOREX e o 20 da Lei 9/2015. O importe contabilizado por este concepto ascende a 394.122,33 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fíxose mediante un cargo, por importe de 1.330.220,60 euros, na subconta 4201-Administracións públicas debedoras por diversos conceptos (subgrupo 42-Debedores varios a corto prazo da actividade electoral), e abono nas contas 721-Subvención por resultados electorais e 722-Subvención por envíos electorais, por importes de 982.447,74 euros e 347.772,86 euros, respectivamente.

3.1.4. Gastos electorais

3.1.4.1. Gastos por operacións ordinarias

O PP presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PP ascenderon a 1.561.962,16 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 14: Gastos ordinarios declarados PP de G

GASTOS POR OPERACIÓNS ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	**1.561.962,16**
Gastos de publicidade exterior	328.070,65
Gastos de publicidade en prensa e radio	320.978,59
Gastos financeiros liquidados	761,92
Estimación de gastos financeiros	1.180,73
Outros gastos ordinarios (*)	910.970,27
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**
E) Total gastos electorais ordinarios xustificados (A)+(B)-(C)+(D)	**1.561.962,16**

(*): Alugueres de vehículos, de equipos informáticos, de equipos de son, seguros xerais, produción, publicidade e impresión, actos públicos, combustibles e outros gastos.

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, o Consello de Contas realiza as seguintes observacións:

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PP, e comprenden os gastos de formalización por importe de 2.001,80 euros, e a liquidación de xuros por importe de 761,92 euros, así como a previsión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 1.180,73 euros. O cálculo dos xuros previstos considérase razoable.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados polo PP elévase a 1.561.962,16 euros.

3.1.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que figuran rexistrados na contabilidade presentada polo PP ascenderon a 347.772,86 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 15: Gastos por envíos de propaganda declarados PP de G

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	**347.772,86**
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	347.772,86
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificados (A) +(B)-(C)	**347.772,86**
E) Número de envíos xustificados con dereito a subvención	**2.255.579**
Importe subvencionable por envío	0,22
Importe subvencionable por envíos realizados	496.227,38
Límite legal por envíos (artº. 25.2 Lei 9/2015)	594.425,04
F) Gastos por envíos xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 2 de agosto de 2016, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,22 euros polo número de electores que foi de 2.701.932. En consecuencia, non serán superior a 594.425,04 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos regulares xustificados ascende á cantidade de 347.772,86 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificados.

3.1.5. Límite dos gastos electorais

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.694.055,14 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política rexistrou un total de gastos por operacións ordinarias de 1.561.962,16 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 338.811,03 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 320.978,59 euros e 328.070,65 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 16: Límites de gastos electorais PP de G

LIMITES DE GASTOS ELECTORAIS	Euros
Límite máximo de gastos electorais	1.694.055,14
Gastos a considerar a efectos do límite	1.561.962,16
Exceso no límite máximo de gastos electorais	**NON**
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	320.978,59
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	**NON**
Límite de gastos de publicidade exterior	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	328.070,65
Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	**NON**

Dos datos que figuran no cadro anterior se deriva que os gastos contabilizados por esta formación política non superan o límite legalmente previsto.

3.1.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores

A entidade financeira outorgante dos créditos a esta formación remitiu ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo aos recursos financeiros, conforme ao disposto no artigo 133.3 da LOREX e no 24 da Lei 9/2015.

Dos vinte e catro acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral, facturaron gastos electorais superiores a 10.000 euros, dezaoito non cumpriron coa obriga de comunicación imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015. Contactouse cos referidos acredores téndose recibido copia das facturas coincidindo cos rexistros contables, coa excepción dunha entidade da que non se recibiu resposta.(*)

3.1.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

A formación política contadante aperturou dúas contas bancarias debidamente comunicadas a través da Xunta Electoral de Galicia.

Conta nº **** 1090 da póliza de crédito contratada até un límite de 400.000 euros.

Conta nº **** 5708 da campaña electoral.

Todos os cobros e pagamentos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

Cadro nº 17: Tesourería PP de G

TESOURERÍA DE CAMPAÑA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG	NON
Débeda cos provedores	NON

Contas bancarias

A conta 5720018100012, que contabiliza os traspasos ou achegas do partido á conta da campaña electoral, presenta un saldo acredor de 1.300.000 euros. Deberían utilizar unha conta do grupo 7-Ingresos, para contabilizar as achegas do propio partido con cargo á conta corrente de campaña electoral (580).

A conta 5800018102016, correspondente á conta corrente de campaña electoral, con data 2 de decembro de 2016 presenta un saldo de 0 euros.

A conta 582101810216, correspondente á póliza de crédito subscrita, con data 22 de decembro de 2016 presenta un saldo acredor de 214.431,96 euros.

Xuros devindicados

O xuros liquidados e os xuros estimados da conta da póliza de crédito, por importes de 761,93 euros e 1.180,73 euros, respectivamente, son razoables e están rexistrados nas contas correspondentes.

Débedas

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ao Consello de Contas, figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devindicados e non vencidos da conta Conta nº ****1090, da póliza de crédito contratada cunha entidade financeira. Non existen débedas con provedores na data de peche da contabilidade.

Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos se fixeron dentro do prazo de noventa días seguintes ao da votación regulado no artigo 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015.

3.1.8. Determinación do límite máximo da subvención PP de G

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

Cadro nº 18: Subvencións electorais PP de G

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	1.376.570,07
Gastos ordinarios xustificados	1.561.962,16
A) Subvención que correspondería	**1.376.570,07**
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	496.227,38
Gastos por envíos electorais xustificados	347.772,86
B) Subvención que correspondería	**347.772,86**
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	0,00
E) Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	0,00
Subvención procedente (A)+(B)-(C)-(D)	**1.724.342,93**

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que a cifra dos gastos electorais fiscalizados é de 1.909.735,02 euros, aos que correspondería unha subvención electoral por importe de 1.724.342,93 euros.

3.1.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.

Cadro nº 19: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PP de G

LIQUIDACIÓN	Euros
Gastos xustificados por operacións ordinarias	1.561.962,16
Gastos xustificados por envíos electorais	347.772,86
Gastos totais xustificados	**1.909.735,02**
Subvención procedente	**1.724.342,93**

Do cadro anterior se deriva que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *"No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención."*

Cadro nº 20: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 PP de G

LIQUIDACIÓN	Euros
Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas)	1.300.000,00
Gastos electorais declarados	1.909.735,02

Do cadro anterior se deriva que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento, (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

3.1.10. Liquidación da subvención

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% á conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

Cadro nº 21: Subvencións electorais PP de G

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención procedente (1)	1.724.342,93
Anticipo percibido (2)	394.122,33
Subvención por liquidar (1)-(2)	**1.330.220,60**

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 1.724.342,93 euros. Dado que esta formación ten percibido un anticipo por importe de 394.122,33 euros, procede descontalo da contía anterior, (artigo 26.6 da Lei 9/2015), polo que a subvención pendente de percibir será de 1.330.220,60 euros.

3.1.11. Conclusións

En base ás actuacións realizadas formúlanse as seguintes conclusións:

a) <u>Sobre a regularidade da contabilidade electoral</u>

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.

2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.

3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como o gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.

4. A contabilidade electoral rendida polo Partido Popular de Galicia é representativa.

b) <u>Opinión de auditoría</u>

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política Partido Popular de Galicia, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, que comprenden o Balance de situación, conta de Perdas e Ganancias e Memoria, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016.

A contabilidade presentada está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas. Non se xunta o estado de fluxos de efectivo.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

d) Proposta de subvención

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o PP ascende a 1.724.342,93 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 394.122,33 euros percibida á conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 1.330.220,60 euros.

3.2. EN MAREA

3.2.1. Documentación presentada

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2016, que foi inscrita no Rexistro de entrada do Consello de Contas co número 100 e data 27 de xaneiro de 2017.

Na realización do traballo de campo efectuado sobre a documentación xustificativa dos ingresos e gastos electorais aportados por esta formación política, puxéronse de manifesto importantes deficiencias contables de xeito que non foi posible referenciar cada un dos documentos cun número de asento ou un número de operación do Libro Diario de operacións ou do Libro Maior, o que non permitiu efectuar as necesarias comprobacións.

Reunidos co administrador electoral acordouse de conformidade a devolución da totalidade da documentación remitida, para emendar as referidas deficiencias.

O día 23 de febreiro de 2017, con rexistro de entrada nº189, recíbese no Consello de Contas novamente a documentación, renovándose os traballos de fiscalización.

Os estados contables remitidos están adaptados ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado o 8 de outubro de 2013 polo Pleno do Tribunal de Cuentas, vixente desde o 1 de xaneiro de 2014.

A falta de organización, estrutura e ordenación dos documentos dificultou significativamente o desenvolvemento da fiscalización.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

3.2.2. Ingresos e gastos da campaña electoral

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

Cadro nº 22: Ingresos e gastos electorais declarados EN MAREA

INGRESOS E GASTOS DECLARADOS	Euros
Ingresos totais	482.487,00
Gastos totais	481.434,17
Diferencia	**1.052,83**

3.2.3. Ingresos da campaña electoral

Os ingresos declarados na contabilidade rendida por EN MAREA para a súa campaña electoral ascenden a 482.487,00 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 23: Ingresos declarados EN MAREA

INGRESOS DECLARADOS	Euros
Achegas de persoas físicas ou xurídicas	14.297,00
Operacións de endebedamento (Microcréditos)	109.600,00
Operacións de endebedamento (Préstamos)	309.950,00
Anticipos da Administración	0,00
Achegas da formación política	49.000,00
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
Recursos totais	**482.847,00**

Aportacións de persoas físicas ou xurídicas:

Esta formación política utilizou como medio complementario de financiamento o que denominan microcréditos ou préstamos civís, sen devindicación de xuros, tendo establecido un procedemento vía web para que os particulares que o desexasen efectuaran ingresos na conta corrente electoral en múltiplos de 100,00 euros, de xeito que os ingresos de 300,00 euros ou superiores os considera préstamos civís e os inferiores a dita contía simples doazóns.

Baixo esta modalidade percibiu 109.600,00 euros procedentes de 171 persoas físicas. Os importes van desde os 300,00 euros ata os 6.000, 00 euros.

Teñen establecidas unhas cláusulas xerais de condicións entre as que consta, no medio de outras condicións, que:

"será devolto ao subscritor despois das eleccións, no momento en que En Marea cobre a subvención electoral establecida legalmente para os partidos políticos que obtivesen representación no Parlamento Galego; no caso de que a subvención sexa insuficiente para o capital total subscrito, o prazo máximo de devolución da parte non cuberta pola devandita subvención será de 12 meses."

Sen embargo, este sistema:

- Non permite coñecer se as persoas que efectúan ingresos aceptan a totalidade das condicións xerais.

- Non queda constancia de identificación fehacente do subscritor e non consta ningunha sinatura.

- Este tipo de operacións están suxeitas aínda que exentas do pagamento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos documentados e non consta que se tiveran efectuado as correspondentes declaracións liquidacións ante a Axencia Tributaria. Este trámite, de obrigado cumprimento, deixa constancia do negocio xurídico e da data real na que se celebrou.

A exención do pagamento non exime da obriga de presentar a correspondente declaración mediante o modelo 600 no prazo de un mes contado desde a recepción do préstamo.

- Trátase dun documento privado con efectos exclusivos entre as partes.

En calquera caso, na data realización de este informe de fiscalización, mentres non sexan devoltos ditos préstamos civís, non podemos obter evidencia suficiente da realidade do compromiso de devolución dos préstamos polo que consideramos que trátase de simples doazóns, entendendo que non estamos ante unha débeda da formación política.

Soamente despois do cumprimento efectivo das condicións xerais expresado no documento de subscrición, poderíamos concluír que se trataba de préstamos, cando se puidera verificar a súa devolución a cada un dos subscritores.

Achegas de persoas xurídicas

Na contabilidade figuran préstamos concedidos por trece entidades xurídicas (formacións políticas), por un importe conxunto de 309.950,00 euros, dos que soamente consta a realización dos correspondentes cobros na conta bancaria electoral.

Estas operacións non están documentadas.

Cabe facer consideracións semellantes ás indicadas no apartado anterior respecto ás operacións representativas de préstamos civís, polo que neste caso tamén temos que considerar que trátase de simples doazóns, entendendo que non estamos ante unha débeda da formación política.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política non recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo coa obriga imposta polo artigo 121.2 da LOREX.

3.2.4. Gastos electorais

3.2.4.1. Gastos por operacións ordinarias

EN MAREA presentou os estados contables separando as operacións ordinarias de campaña das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados por EN MAREA ascenderon a 228.986,76 euros, agrupándose, en base á conta de resultados, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 24: Gastos por operacións ordinarias EN MAREA

GASTOS POR OPERACIÓNS ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	**228.986,76**
Gastos de publicidade exterior	33.858,90
Gastos de publicidade en prensa e radio	29.108,03
Gastos financeiros liquidados	501,73
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos ordinarios (*)	165.518,10
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**1.224,93**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	15,12
Gastos fora de prazo	130,00
Gastos de natureza non electoral	1.079,81
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**
E) Total gastos electorais ordinarios xustificados (A)+(B)-(C)+(D)	**227.761,83**

(*): Alugueres de vehículos, de equipos informáticos, de equipos de son, seguros xerais, produción, publicidade e impresión, actos públicos, combustibles e outros gastos.

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

A falta de organización, estrutura e ordenación dos documentos dificultou significativamente o desenvolvemento da fiscalización.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados ascende a 227.761,83 euros.

3.2.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral que figuran rexistrados na contabilidade presentada por EN MAREA ascenderon a 252.447,41 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 25: Gastos por envíos de propaganda declarados EN MAREA

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	**252.447,41**
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	252.447,41
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificados (A) +(B)-(C)	**252.447,41**
E) Número de envíos xustificados con dereito a subvención	**2.255.579**
Importe subvencionable por envío	0,22
Importe subvencionable por envíos realizados	496.227,38
Límite legal por envíos	594.425,04
F) Gastos por envíos xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 2 de agosto de 2016, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,22 euros polo número de electores que foi de 2.701.932. En consecuencia non serán superiores a 594.425,04 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos ordinarios xustificados ascende á cantidade de 252.447,41 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificados.

3.2.5. Límite dos gastos electorais

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.694.055,14 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política rexistrou un total de gastos por operacións ordinarias de 228.986,76 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 338.811,03 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 29.108,03 euros e 33.858,90 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 26: Límites de gastos electorais EN MAREA

LIMITES DE GASTOS ELECTORAIS	Euros
Límite máximo de gastos electorais	1.694.055,14
Gastos a considerar a efectos do límite	228.986,76
Exceso no límite máximo de gastos electorais	**NON**
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	29.108,03
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	**NON**
Límite de gastos de publicidade exterior	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	33.858,90
Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	**NON**

Dos datos que figuran no cadro anterior se deriva que os gastos contabilizados por esta formación política non superan o límite legalmente previsto.

3.2.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e acredores

Dos cinco acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral, facturaron gastos electorais superiores a 10.000,00 euros, catro non cumpriron coa obriga de comunicación imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015. Contactouse cos referidos acredores non téndose obtido resposta.

3.2.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Todos os cobros e pagamentos contabilizados fixéronse por medio da conta corrente aberta para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

A conta 5810000001, que contabiliza os traspasos ou achegas do partido á conta da campaña electoral, presenta un saldo acredor de 49.000,00 euros. Deberían utilizar unha conta do grupo 7-Ingresos, para contabilizar as achegas do propio partido con cargo á conta corrente de campaña electoral (580).

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 27: Tesourería EN MAREA

TESOURERÍA DE CAMPAÑA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG	SI
Débeda cos acredores	NON

Contas bancarias

A conta 58000000001, correspondente á conta corrente de campaña electoral, con data 27 de xaneiro de 2017 presenta un saldo de 1.234,58 euros. Na data 25 de decembro de 2016 presenta un saldo de 11.182,44 euros.

Prazo dos pagamentos

Efectuáronse pagamentos fóra do prazo dos noventa días seguintes ao da votación regulado no artigo 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015, por un importe conxunto de 67.175,84 euros.

Estes pagamentos corresponden a servizos efectivamente prestados, facturados e rexistrados na contabilidade da formación polo que, atendendo á realidade das operacións, temos considerado o feito descrito como un defecto de forma, que non constitúe causa de redución do importe da subvención a percibir. Este criterio técnico é o adoptado pola Instrución aprobada polo Pleno do Tribunal de Cuentas.

3.2.8. Determinación do límite máximo da subvención a EN MAREA

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

Cadro nº 28: Subvencións electorais EN MAREA

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	501.305,49
Gastos ordinarios xustificados	227.761,83
A) Subvención que correspondería	**227.761,83**
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	496.227,38
Gastos por envíos electorais xustificados	252.447,41
B) Subvención que correspondería	**252.447,41**
C) Gastos de natureza non electoral	**0,00**
D) Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	**0,00**
E) Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	**0,00**
Subvención procedente (A)+(B)-(C)-(D)-(E)	**480.209,24**

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que a cifra dos gastos electorais fiscalizados é de 480.209,24 euros, aos que correspondería unha subvención electoral pola mesma contía.

3.2.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.

Cadro nº 29: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) EN MAREA

LIQUIDACIÓN	Euros
Gastos xustificados por operacións ordinarias	227.761,83
Gastos por envíos electorais xustificados	252.447,41
Gastos totais xustificados	**480.209,24**
Subvención procedente	**480.209,24**

Do cadro anterior derívase que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *"No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención."*

Cadro nº 30: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 EN MAREA

LIQUIDACIÓN	Euros
Ingresos electorais (Sen microcréditos nin préstamos)	63.297,00
Gastos electorais declarados	481.434,17

Do cadro anterior derívase que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar o endebedamento, (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

3.2.10. Liquidación da subvención

Tendo en consideración que a formación política non percibiu ningún anticipo a conta da subvención por non ter representación parlamentaria nas anteriores eleccións do ano 2012, a contía da subvención que lle corresponde é de 480.209,24 euros.

3.2.11. Conclusións

En base ás actuacións realizadas formúlanse as seguintes conclusións:

a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos. Sen embargo, efectuada unha avaliación preliminar evidenciáronse importantes deficiencias que non facían posible levar a cabo a fiscalización na forma e prazos previstos legalmente. De acordo co administrador da formación política devolveuse toda a documentación para emendar as deficiencias apreciadas. O día 23 de febreiro de 2017 recibiuse novamente a documentación de referencia. Os estados contables remitidos están adaptados ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado o 8 de outubro de 2013 polo Pleno do Tribunal de Cuentas, vixente desde o 1 de xaneiro de 2014.

A falta de organización, estrutura e ordenación dos documentos dificultou significativamente o desenvolvemento da fiscalización.

2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.(*)

3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como o gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.

4. A contabilidade electoral rendida pola formación política EN MAREA é representativa.

b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política EN MAREA, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, que comprenden o Balance de situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016.

A contabilidade está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas.

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

d) Proposta de subvención

Tendo en consideración todo o que antecede a proposta de subvención que formula o Consello de Contas para a formación política EN MAREA ascende a 480.209,24 euros.(*)

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

3.3. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

3.3.1. Documentación presentada

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2016, que foi inscrita no Rexistro de entrada do Consello de Contas co número 28 o día 9 de xaneiro de 2017

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

3.3.2. Ingresos e gastos da campaña electoral

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

Cadro nº 31: Ingresos e gastos electorais declarados PS de G-PSOE

INGRESOS E GASTOS DECLARADOS	Euros
Ingresos totais	1.142.700,29
Gastos totais	1.162.129,54
Diferencia	**-19.429,25**

3.3.3. Ingresos da campaña electoral

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PSdeG-PSOE para a súa campaña electoral ascenden a 1.142.700,29 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 32: Ingresos declarados PS de G-PSOE

INGRESOS DECLARADOS	Euros
Achegas de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento (Crédito disposto)	646.692,82
Anticipos da Administración	246.007,47
Achegas do partido	250.000,00
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
Total	**1.142.700,29**

Non consta que houbera achegas de persoas físicas ou xurídicas.

O PSdeG-PSOE subscribiu unha póliza de contrato de conta de crédito cunha entidade bancaria, cun límite de 774.000 euros e data de vencemento o 18 de setembro de 2017. En garantía do pago aféctase o dereito ao cobro das subvencións que poida recibir o PSdeG-PSOE polos resultados electorais e polo envío de papeletas, sobres ou publicidade, como consecuencia da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

A entidade concedente do crédito non cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX e 24 da Lei 9/2015, polo que lle foi solicitada a comunicación procedente. A resposta recibida confirmou os datos rexistrados na contabilidade.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia en 2012, tal como dispoñen o artigo 127 da LOREX e o 20 da Lei 9/2015. A contía total do anticipo ascende a 246.007,47 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia, segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co disposto no artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fíxose mediante un cargo por importe de 874.397,30 euros, na subconta 4201 D.G.T Deudora por subvención elecciones (CE) e abono nas contas 721-1 Subvención por campaña e 722-1 Subvención por mailing, por 488.106,15 euros e 386.291,15 euros, respectivamente.

3.3.4. Gastos electorais

3.3.4.1. Gastos por operacións ordinarias

O PSdeG-PSOE presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PSdeG-PSOE ascenderon a 775.838,39 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 33: Gastos por operacións ordinarias PS de G-PSOE

GASTOS POR OPERACIÓNS ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	**775.838,39**
Gastos de publicidade exterior	89.003,44
Gastos de publicidade en prensa e radio	157.782,80
Gastos financeiros liquidados	4.264,75
Estimación de gastos financeiros	11.610,25
Outros gastos ordinarios (*)	513.177,15
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**
E) Total gastos electorais ordinarios xustificados (A)+(B)-(C)+(D)	**775.838,39**

(*): Alugueres de vehículos, de equipos informáticos, de equipos de son, seguros xerais, produción, publicidade e impresión, actos públicos, combustibles e outros gastos.

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PSdeG-PSOE, e comprenden os gastos de formalización, a previsión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX e os intereses liquidados. O cálculo dos xuros estimados considérase razoable.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados, polo PSdeG-PSOE elévase a 775.838,39 euros.

3.3.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, ascenderon, segundo a contabilidade do PSdeG-PSOE, a 386.291,15 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 34: Gastos por envíos de propaganda electoral PS de G-PSOE

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	**386.291,15**
Gastos financeiros liquidados	2.821,57
Estimación de gastos financeiros	7.706,05
Outros gastos de envío	375.763,53
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificados (A) +(B)-C)	**386.291,15**
E) Número de envíos xustificados con dereito a subvención	2.255.579
Importe subvencionable por envío	0,22
Importe subvencionable por envíos realizados	496.227,38
Límite legal por envíos	594.425,04
F) Gastos por envíos xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 2 de agosto de 2016, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,22 euros polo número de electores que foi de 2.701.932. En consecuencia non serán superiores a 594.425,04 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos regulares xustificados ascende á cantidade de 386.291,15 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificados.

3.3.5. Límite dos gastos electorais

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.694.055,14 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política rexistrou un total de gastos por operacións ordinarias de 775.838,39 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 338.811,03 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 157.782,80 euros e 89.003,44 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 35: Límites de gastos electorais PSde G-PSOE

LIMITES DE GASTOS ELECTORAIS	Euros
Límite máximo de gastos electorais	1.694.055,14
Gastos a considerar a efectos do límite	775.838,39
Exceso no límite máximo de gastos electorais	**NON**
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	157.782,80
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	**NON**
Límite de gastos de publicidade exterior	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	89.003,44
Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	**NON**

Dos datos que figuran no cadro anterior derívase que os gastos contabilizados por esta formación política non superan o límite legalmente previsto.

3.3.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e acredores

A entidade entidade financeira outorgante dos créditos a esta formación non remitiu ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo aos recursos financeiros, conforme ao disposto no artigo 133.3 da LOREX e no 24 da Lei 9/2015. Por elo, contactouse con esta entidade financeira para confirmar datos e informacións que non foran comunicadas no prazo legal. A información recibida con posterioridade correspóndese cos datos rexistrados na contabilidade electoral da formación política obxecto de fiscalización.

Tres acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral facturaron por importes superiores a 10.000,00 euros non cumpriron a obriga de comunicación imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015. Aínda que contactouse cos mesmos non se recibiu resposta na data deste informe.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

3.3.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

A formación política contadante aperturou tres contas bancarias debidamente comunicadas a través da Xunta Electoral de Galicia.

Conta nº ****5563 da póliza de crédito contratada até un límite de 774.000 euros. Conta nº ****6085 da campaña electoral. Conta nº ****6093 específica para os gastos de envío de propaganda electoral (conta de mailing).

Todos os cobros e pagamentos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 36: Tesourería PSdeG-PSOE

TESORERÍA DE CAMPAÑA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG	NON
Débeda cos acredores	NON

Contas bancarias

Tanto a conta corrente que rexistra os movementos por operacións ordinarias como a conta corrente que rexistra os movementos de envíos de propaganda electoral ou mailing foron canceladas o día 23 de decembro de 2016 presentando dito día un saldo de 0 euros.

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ao Consello de Contas, figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devindicados e non vencidos da conta Conta nº ****5563, da póliza de crédito contratada cunha entidade financeira.

Tanto os xuros liquidados como os xuros estimados da conta da póliza de crédito son razoables e están rexistrados contablemente nas contas correspondentes.

Débedas

Non existen débedas con acredores na data de peche da contabilidade.

Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos foron realizados dentro do prazo de noventa días seguintes ao da votación, establecido nos artigos 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015.

3.3.8. Determinación do límite máximo da subvención ao PS de G-PSOE

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

Cadro nº 37: Subvencións electorais PS de G-PSOE

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	488.106,15
Gastos ordinarios xustificados	775.838,39
A) Subvención que correspondería	**488.106,15**
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	594.425,01
Gastos por envíos electorais xustificados	386.291,15
B) Subvención que correspondería	**386.291,15**
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
Subvención procedente (A)+(B)-(C)-(D)	**874.397,30**

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que a cifra dos gastos electorais fiscalizados é de 874.397,30 euros, aos que correspondería unha subvención electoral pola mesma contía.

3.3.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.

Cadro nº 38: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PS de G-PSOE

LIQUIDACIÓN	Euros
Gastos xustificados por operacións ordinarias	775.838,39
Gastos por envíos electorais xustificados	386.291,15
Gastos totais xustificados	**1.162.129,54**
Subvención procedente	**874.397,30**

Do cadro anterior derívase que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *"No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención."*

Cadro nº 39: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 PS de G-PSOE

LIQUIDACIÓN	Euros
Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas)	250.000,00
Gastos electorais declarados	1.162.129,54

Do cadro anterior se deriva que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento, (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

3.3.10. Liquidación da subvención

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% á conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

Cadro nº 40: Subvencións electorais PS de G-PSOE

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención procedente (1)	874.397,30
Anticipo percibido (2)	246.007,47
Subvención por liquidar (1)-(2)	**628.389,83**

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 874.397,30 euros. Dado que esta formación ten percibido un anticipo por importe de 246.007,47 euros, procede descontalo da contía anterior, (artigo 26.6 da Lei 9/2015), polo que a subvención pendente de percibir será de 628.389,83 euros.

3.3.11. Conclusións

En base ás actuacións realizadas formúlanse as seguintes conclusións:

a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.

2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.

3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como o gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.

4. A contabilidade electoral rendida polo PSdeG-PSOE é representativa.

b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, que comprenden o Balance de situación, conta de Perdas e Ganancias e Memoria, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016.

A contabilidade presentada está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas. Non se xunta o estado de fluxos de efectivo.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

d) Proposta de subvención

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o PSdeG-PSOE ascende a 874.397,30 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 246.007,47 euros percibida á conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 628.389,83 euros.

3.4. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-NÓS Candidatura Galega

3.4.1. Documentación presentada

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2016, que foi inscrita no Rexistro de entrada do Consello de Contas co número 82 o día 20 de xaneiro de 2017.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

3.4.2. Ingresos e gastos da campaña electoral

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

Cadro nº 41: Ingresos e gastos electorais declarados BNG-NÓS-C.G

INGRESOS E GASTOS DECLARADOS	Euros
Ingresos totais	330.416.39
Gastos totais	330.999,43
Diferencia	**- 583,04**

A documentación remitiuse acompañada por un escrito dos administradores xerais mancomunados desta formación política. Acompañan, así mesmo, comunicación á Xunta electoral de Galicia do nomeamento do administrador xeral da coalición electoral BNG-NÓS, comunicación da apertura da conta corrente electoral e do pacto de afección da subvención electoral a que teña dereito, á rebaixa do límite máximo do préstamo concertado coa entidade financeira.

Achégase tamén o acordo de constitución da coalición electoral do 5 de agosto de 2016, comunicado á Xunta Electoral de Galicia o 10 de agosto de 2016.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

3.4.3. Ingresos da campaña electoral

Os ingresos declarados na contabilidade rendida polo BNG-NÓS Candidatura Galega para a súa campaña electoral ascenden a 330.416,39 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 42: Ingresos declarados BNG-NÓS-C.G

INGRESOS DECLARADOS	Euros
Achegas de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento (Crédito disposto)	100.000,00
Anticipos da Administración	187.456,28
Achegas da formación política	42.960,11
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
Recursos totais	**330.416,39**

Non consta que houbera achegas de persoas físicas nin xurídicas.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia en 2009, tal como dispoñen o artigo 127 da LOREX e o 20 da Lei 9/2015. A contía total do anticipo ascende a 187.456,28 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

BNG-NÓS Candidatura Galega subscribiu unha póliza de crédito cunha entidade bancaria, ata un límite máximo de 100.000 euros e data de vencemento o 30 de setembro de 2017. En garantía do principal, xuros, comisións, gastos e costas que se deriven da póliza aféctanse as subvencións e anticipos que poida recibir polos resultados das eleccións ao Parlamento de Galicia.

A entidade concedente do crédito non cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX e 24 da Lei 9/2015, polo que lle foi solicitada a comunicación procedente. A resposta recibida confirmou os datos rexistrados na contabilidade.

A formación política non recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aínda que rexistrou o anticipo do 30% percibido o 6 de setembro de 2016.

3.4.4. Gastos electorais

3.4.4.1. Gastos por operacións ordinarias

BNG-NÓS Candidatura galega rexistra os gastos de envío de propaganda electoral na conta 62716002-Publicidade Mailing, que presenta un saldo contable de 113.084,55 euros.

O resto de gastos –gastos por operacións ordinarias- ascende a 217.914,88 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 43: Gastos por operacións ordinarias BNG-NÓS C.G.

GASTOS POR OPERACIÓNS ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	**217.914,88**
Gastos de publicidade exterior	99.873,93
Gastos de publicidade en prensa e radio e outros medios de comunicación	37.309,08
Gastos financeiros liquidados	2.468,25
Estimación de gastos financeiros	613,20
Outros gastos ordinarios (*)	77.650,42
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificados non cubertos pola subvención	**0,00**
E) Total gastos electorais ordinarios xustificados (A)+(B)-(C)+(D)	**217.914,88**

(*): Alugueres de vehículos, de equipos informáticos, de equipos de son, seguros xerais, produción, publicidade e impresión, actos públicos, combustibles e outros gastos.

Revisada toda a documentación xustificativa non se atoparon deficiencias de relevancia, polo que non se formulan observacións respecto da fiscalización destes gastos.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados por esta formación política elévanse a 217.914,88 euros.

3.4.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que figuran rexistrados na contabilidade presentada polo BNG-NÓS Candidatura Galega ascenderon a 113.084,55 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 44: Gastos por envíos de propaganda electoral BNG-NÓS C.G.

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	**113.084,55**
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	113.084,55
B) Gastos reclasificados netos	**0,00**
C) Gastos irregulares	**0,00**
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificados	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificados (A) +(B)-C)	**113.084,55**
E) Número de envíos xustificados con dereito a subvención	1.075.530
Importe subvencionable por envío	0,22
Importe subvencionable por envíos realizados	236.616,60
Límite legal por envíos (Artº 15.2 Lei 9/2015)	594.425,04
G) Gastos por envíos xustificados non cubertos pola subvención (F)-(D)	**0,00**

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 2 de agosto de 2016 da consellería de Facenda, os gastos desta natureza para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda no poden exceder do resultado de multiplicar 0,22 euros polo número de electores que foi de 2.701.932. En consecuencia, non serán superiores a 594.425,04 euros.

Estes gastos rexistráronse integramente na conta 62716002-Publicidade Mailing.

O total dos gastos regulares xustificados ascende á cantidade de 113.084,55 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificados.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable.

3.4.5. Límite dos gastos electorais

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.694.055,14 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política rexistrou un total de gastos por operacións ordinarias de 217.914,88 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 338.811,03 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 37.309,08 euros e 99.873,93 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 45: Límites de gastos electorais BNG-NÓS C.G.

LIMITES DE GASTOS ELECTORAIS	Euros
Límite máximo de gastos electorais	1.694.055,14
Gastos a considerar a efectos do límite	330.999,47
Exceso no límite máximo de gastos electorais	**NON**
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	37.309,08
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	**NON**
Límite de gastos de publicidade exterior	338.811,03
Gastos a considerar a efectos do límite	99.873,93
Exceso no límite de gastos de publicidade exterior	**NON**

Dos datos que figuran no cadro anterior se deriva que os gastos contabilizados por esta formación política non superan o límite legalmente previsto.

3.4.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores

A entidade concedente do crédito non cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX e 24 da Lei 9/2015, polo que lle foi solicitada a comunicación procedente. A resposta recibida confirmou os datos rexistrados na contabilidade.

En cumprimento do disposto no artigo 133.5 da LOREX e no 24 Lei 9/2015, todas as empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado a cantidade de 10.000 euros, o fixeron de xeito oportuno.

3.4.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Todos os cobros e pagamentos contabilizados efectuáronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral.

Os artigos 125 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015 establecen a obriga de efectuar os pagamentos dos gastos electorais nun prazo máximo de noventa días seguintes ao da celebración das eleccións. Este prazo remataba o día 24 de decembro de 2016. A conta bancaria electoral contaba o día 17 de decembro de 2016 cun saldo de 101,84 euros. O día 17 de xaneiro de 2017 abóase unha achega do BNG-NÓS por 800,00 euros, para dar cobertura ao pagamento do 4º trimestre de IRPF á Axencia Tributaria que se fixo efectivo o mesmo día por 871,85 euros. Polo tanto, estes movementos foron rexistrados fóra de prazo.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 46: Tesourería BNG-NÓS C.G.

TESOURERÍA DE CAMPAÑA	Euros
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Débedas canceladas con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREX e 12 Lei 9/2015	SI
Débeda cos acredores	NON

Contas bancarias

A conta bancaria da campaña electoral presenta, na data de peche da contabilidade, un saldo debedor de 29,99 euros.

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ao Consello de Contas, soamente constan obrigas pendentes de pago en concepto de xuros devindicados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto dos ditos créditos.

Tanto os xuros liquidados como os xuros estimados da conta da póliza de crédito son razoables e están rexistrados contablemente nas contas correspondentes.

Débedas

Non existen débedas con acredores na data de peche da contabilidade.

3.4.8. Determinación do límite máximo da subvención BNG-NÓS C.G.

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

Cadro nº 47: Subvencións electorais BNG-NÓS C.G.

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	216.556,04
Gastos ordinarios xustificados	217.914,88
A) Subvención que correspondería	**216.556,04**
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	594.425,04
Gastos por envíos electorais xustificados	113.084,59
B) Subvención que correspondería	**113.084,59**
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
Subvención procedente (A)+(B)-(C)-(D)	**329.640,59**

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que a cifra dos gastos electorais fiscalizados é de 329.640,59 euros, aos que correspondería unha subvención electoral pola mesma contía.

3.4.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.

Cadro nº 48: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) BNG-NÓS C.G.

LIQUIDACIÓN	Euros
Gastos xustificados por operacións ordinarias	217.914,88
Gastos por envíos electorais xustificados	113.084,59
Gastos totais xustificados	**330.999,43**
Subvención procedente	**329.640,59**

Do cadro anterior se deriva que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *"No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención."*

Cadro nº 49: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.6 Lei 9/2015 BNG-NÓS C.G.

LIQUIDACIÓN	Euros
Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas)	42.960,11
Gastos electorais declarados	330.999,43

Do cadro anterior se deriva que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento, (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

3.4.10. Liquidación da subvención

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% á conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

Cadro nº 50: Subvencións electorais BNG-NÓS C.G.

LIQUIDACIÓN	Euros
Subvención procedente (1)	**329.640,59**
Anticipo percibido (2)	187.456,28
Subvención por liquidar (1)-(2)	**142.184,31**

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 329.640,59 euros. Dado que esta formación percibiu un anticipo á conta de 187.456,28 euros procede descontar esta cantidade do importe da subvención procedente, polo que a subvención pendente de percibir será de 142.184,31 euros.

3.4.11. Conclusións

En base ás actuacións realizadas formúlanse as seguintes conclusións:

a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.

2. Os estados contables presentados permitiron levar a cabo a fiscalización nos térmos programados.(*)

3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como o gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.

4. A contabilidade electoral rendida por BNG NÓS-Candidatura Galega é representativa.

b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política BNG-NÓS C.G., correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016, que comprenden o Balance de situación, conta de Perdas e Ganancias e Memoria, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

d) Proposta de subvención

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o BNG-NÓS ascende a 329.640,59 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 187.456,28 euros percibida á conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 142.184,31euros.

4. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS E SUBVENCIÓN PROCEDENTE

De acordo coa análise realizada no apartado 2.5 deste informe, todas as formacións políticas comprendidas nesta fiscalización deron cumprimento ao disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto e na Orde do 2 de agosto de 2016 da Consellería de Facenda respecto do volume máximo de gastos electorais.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, e como consecuencia do traballo realizado, tendo en conta as particularidades e propostas concretas que, no seu caso, figuran no informe específico de cada partido ou coalición, formúlase a presente declaración, detallada no cadro nº 51. Subvención procedente, comprensiva dos gastos electorais regulares xustificados, e a cifra máxima que pode acadar a subvención pública, tanto polos votos e escanos obtidos como polo envío directo e persoal ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electorais e da contía resultante das propostas concretas deste informe.

Cadro nº 51: Subvención procedente **Euros**

Formación política	Gastos ordinarios xustificados	Límite da subvención gastos ord.	Subvención procedente gtos ord. segundo o CContas (1)	Gastos envíos electorais xustificados	Límite da subvención envíos	Subvención procedente gtos. envíos segundo o CContas (2)	Subvención procedente Total (3)=(1)+(2)
PP	1.561.962,16	1.376.570,07	**1.376.570,07**	347.772,86	594.425,04	**347.772,86**	**1.724.342,93**
EN MAREA(*)	227.761,83	501.305,49	**227.761,83**	252.447,41	594.425,04	**252.447,41**	**480.209,24**
PSdeG-PSOE	775.838,39	488.106,15	**488.106,15**	386.291,15	594.425,04	**386.291,15**	**874.397,30**
BNG-NÓS C.G.	217.914,88	216.556,04	**216.556,04**	113.084,59	594.425,04	**113.084,55**	**329.640,59**
Total	**2.783.477,26**	**2.582.537,75**	**2.308.994,09**	**1.099.596,01**	**2.377.700,16**	**1.099.595,97**	**3.408.590,06**

As cantidades percibidas como anticipos das subvencións concedidas aos partidos, federacións, coaliciónsou agrupacións de electores que tiveron representación parlamentaria, cómpre descontalas da subvención que corresponda (artigo 20.8 Lei 9/2015), polo que os importes líquidos pendentes de percibir polas formacións políticas de referencia son os que se detallan no cadro seguinte:

(*) Importes modificados como consecuencia das alegacións

Cadro nº 52: Subvención pendente de liquidar.

Euros

Formación política	Subvención procedente total	1º anticipo de subvención	2º anticipo de subvención	Subvención pendente de liquidar
PARTIDO POPULAR	1.724.342,93	394.122,33	0,00	**1.330.220,60**
EN MAREA(*)	480.209,24	0,00	0,00	**480.209,24**
PSdeG-PSOE	874.397,30	246.007,47	0,00	**628.389,83**
BNG-NÓS C-G-	329.640,59	187.456,28	0,00	**142.184,31**
Total	**3.408.590,06**	**827.586,08**	**0,00**	**2.581.003,98**

Réndese este informe de fiscalización no prazo establecido polo artigo 27.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto.

O Consello de Contas de Galicia dará cumprimento ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2015, trasladando este informe de fiscalización ao Parlamento de Galicia coa remisión de copias á Xunta de Galicia e ás formacións políticas afectadas. Do informe tamén se dará traslado ao Tribunal de Cuentas.

(*) Importes modificados como consecuencia das alegacións

5. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 58 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, os resultados da fiscalización realizada, reflectidos no Anteproxecto de Informe de fiscalización das contabilidades electorais, fóronlles notificados ás correspondentes formacións políticas o día 10 de marzo de 2017, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para que formulasen as alegacións ao mesmo que tivesen por convenientes.

O día 14 de marzo de 2017, co número de rexistro de entrada 304, recibiuse escrito de alegacións do Partido Popular de Galicia. Este mesmo día recibiuse escrito de alegacións do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, co número de rexistro de entrada 305.

O 16 de marzo de 2017, co número do rexistro de entrada 313, recibiuse escrito de alegacións do BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA.

Finalmente, o 17 de marzo de 2017, a formación política EN MAREA presenta na sucursal número 3 de Correos en Santiago de Compostela, escrito de alegacións xunto a diversa documentación xustificativa que o día 20 de marzo de 2017 recíbese no rexistro do Consello de Contas de Galicia co número 321. Adicionalmente, ese mesmo día, remiten un correo electrónico con documentación que non aportaron ao escrito de alegacións.

De seguido xúntanse, por orde de rexistro, os escritos de alegacións referidos e as réplicas que se formulan ás alegacións realizadas.

POPULARES

AI CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

304
14-03-17

Asunto: Trámite de alegaciones al informe de fiscalización de regularidad de las contabilidades electorales. Elecciones al Parlamento de Galicia de septiembre de 2016.

José Luis Fernández Vilar, con DNI nº 10.867.976-Q, en calidad de Administrador General Único del Partido Popular de Galicia para las Elecciones Autonómicas 2016 al Parlamento de Galicia, y domicilio a efectos de notificaciones en Avda. Fernando Casas Novoa, edificio CNL, portal A bajo, 15707, Santiago de Compostela, con número de fax 981573260, e-mail: pontevedra@pp.es, y con número de teléfono 659692967, comparece y

DICE

En primer lugar, queremos recalcar que el Partido Popular de Galicia, se ha puesto en contacto en repetidas ocasiones y les ha comunicado a todos los acreedores por prestación de servicios, que facturaron gastos electorales superiores a 10.000 euros, la obligación de comunicación impuesta por los artículos 133.5 de la LOREG y 24 de la Ley 9/2015.

En segundo lugar, el Partido Popular de Galicia ha decidido no realizar alegaciones al anteproyecto de informe de regularidad de la contabilidad electoral correspondiente a las Elecciones al Parlamento de Galicia celebradas el día 25 de septiembre de 2016.

En Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2017

Fdo: JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ VILAR

Consello de Contas de Galicia
Sr. Conselleiro Maior
Domingo Fontán, nº 7
15771-Santiago de Compostela

PS de G
PSOE

Consello de Contas de Galicia
REXISTRO XERAL
Nº 305
DATA: 14.03.17
ENTRADA

De: Sr.Administrador Xeral do PSdeG-PSOE
Para: Sr. Conselleiro Maior Consello de Contas de Galicia
Asunto: Trámite alegacións informe fiscalización contabilidade eleccións autonómica 2016

Don LUIS ÁNGEL LAGO LAGE, con DNI 50.685.587-G, administrador xeral do PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE) no proceso electoral convocado polo Decreto 92/2016, de 1 de agosto, da Presidencia da Xunta de Galicia, en consonancia co escrito nº 152, do 10 de marzo de 2017, do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, relativo ó trámite de alegación ao informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016,

COMUNICA ó Consello de Contas de Galicia que o Partido dos Socialistas de Galicia–PSOE (PSdeG-PSOE) non vai efectuar alegacións ó anteproxecto de informe de fiscalización de regularidade da contabilidade electoral correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o día 25 de setembro de 2016, que nos foi remitido na data sinalada.

E para que así conste ós efectos oportunos, asina a presente comunicación en Santiago de Compostela o catorce de marzo de dous mil dezasete.

Rúa do Pino 1-9 baixos
15704-Santiago de Compostela
A Coruña

ADMINISTRADOR XERAL DO PSdeG-PSOE

BNG
NÓS

Consello de Contas de Galicia
REXISTRO XERAL
Nº 313
DATA: 16.03.17
ENTRADA

DON BIEITO LOBEIRA DOMÍNGUEZ, con documento de identidade nº 52.494.012-P, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri 16 - Baixo (Tel. 981 555 850 - Fax. 981 555 851), en calidade de Administrador Xeral ante a Xunta Electoral de Galiza da coalición electoral **BNG-NÓS Candidatura Galega (BNG-NÓS)** nas eleccións ao Parlamento de Galiza convocadas por Decreto 92/2016, do 1 de agosto, comparece e **DI:**

Que ao abeiro do prazo conferido en escrito de data 10 de marzo de 2017 relativo ao informe de fiscalización da regularidade da contabilidade electoral, en legais tempo e forma, formula as seguintes

ALEGACIÓNS:

1ª) Na parte xeral, existen diversos cadros xerais sobre as subvencións máximas totais. En concreto, no cadro nº 7 faise unha comparativa por candidaturas e dos dous últimos procesos electorais das subvencións totais máximas ás que poderían acceder as formacións que se presentaron en ambos os dous comicios. Mais non se indica no título que se refire precisamente ao potencial máximo de subvención, o que pode levar a erro interpretativo. Así, proponse mudar o título do cadro 7 polo de "Análise comparativa das subvencións máximas ás que terían dereito as formacións políticas".

2ª) No apartado 3.4.7. relativo aos fondos líquidos do BNG faise constar que hai unha achega e un pagamento con posterioridade ao prazo previsto nos artigos 125 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015, mais tamén se expresa a xustificación da mesma, consistente no pagamento no prazo habilitado para tal fin das retencións por IRPF. Hai unha contradición normativa entre o prazo previsto na lexislación electoral e na fiscal, o que obrigou a esta formación a cumprir o prazo de pagamento das obrigas tributarias a custa de ser extemporáneo segundo a lexislación electoral. Aínda que iso está expresado no texto, no cadro nº 46 faise referencia a este pagamento fóra de prazo sen explicación, polo que se suxire se acompañe ese cadro dun asterisco onde se aclara que o pagamento fóra de prazo computado se corresponde cun pagamento fiscal. Entendemos que outra opción, facer dito pagamento por unha conta ordinaria das formacións políticas da coalición, para evitar que fóra extemporáneo, incumpriría de forma máis grave a normativa electoral ao pagar gastos electorais a través de contas ordinarias.

3º) No apartado 3.4.11, sobre a regularidade da contabilidade electoral da coalición BNG-NÓS, na alínea 2 do apartado a) exprésase que a contabilidade non se axusta ao Plan de contabilidade aprobado polo Tribunal de Contas e que entrou en vigor o 1 e xaneiro de 2014. Neste sentido, hai que ter en conta que a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, (BOE 31.03.2015) establece a non vinculación a ese plan de contabilidade entanto non se proceda á adaptación a dita lei por un novo acordo do Pleno. Iso derivou nun adiamento de facto de dito Plan a partir desa data, non constando que o Pleno do Tribunal de Contas procedese a adoptar un novo acordo sobre as normas contábeis aplicábeis ás formacións políticas. En función diso, deberían suprimirse as referencias do apartado 3.4.11,a).2 e 3.4.11,b).1 (segundo parágrafo), ambas na páxina 70.

Polo exposto,

SOLICITA, que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións precedentes, aos efectos de seren tidas en conta e incorporadas ao informe definitivo sobre a fiscalización da regularidade da contabilidade electoral.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017.

Asdo. Bieito Lobeira Domínguez.
Administrador Xeral de BNG-NÓS.

SR. PRESIDENTE
CONSELLO DE CONTAS DE GALIZA

en marea

17.03.17 CORREOS SUC. 3 S. DE COMPOSTELA

Finanzas. En Marea

17/03/2017

Galegas 2016

Asunto: Tramite de alegaciones al informe de fiscalidad de regularidad de la contabilidad electoral. Elecciones al Parlamento de Galicia del 25 de septiembre de 2016

Consello de Contas de Galicia

R/ Domingo Fontán, 7

15701. Santiago de Compostela

Consello de Contas de Galicia
REXISTRO XERAL
N.º 321
DATA: 20-03-17
ENTRADA

José María Tubío Piñeiro, mayor de edad, con DNI 32753014W, con domicilio a efectos de notificaciones en Avenida de Lugo, nº 125, 4ºD, en Santiago de Compostela (15.702), en calidad de Administrador General de En Marea para las elecciones al Parlamento de Galicia, presenta las siguientes alegaciones para subsanar las incidencias de falta de justificación de determinados gastos en la contabilidad electoral de En Marea:

1.- Incidencias detectadas, adjuntamos documentación justificativa de los gastos que faltaban:

Nº ORDEN	CONTRAPARTIDA	JUSTIFICACIÓN
1	4504000075	Adjuntamos expediente de Paula Gómez
2	4504000009	Joaquin Diaz adjuntamos nota de gastos- dietas
3	4504000034	Dionisio Tomás, adjuntamos justificantes
4	4504000038	Esteban Rey, adjuntamos justificantes
5	4504000049	Antonio Pérez adjuntamos factura
6	4504000050	Juan Jove, adjuntamos factura y billete de avión
7	4504000055	Costas Basteiro adjuntamos justificantes
8	4504000102	Tania Porta adjuntamos justificación
9	4504000133	Gafas, adjuntamos informe policial
10	4504000144	Xesús Verao adjuntamos nota dietas
11	4504000146	Raquel Bernardez, adjuntamos nota de dietas

2.- En cuanto al apartado del anteproyecto de informe de fiscalización en el cual se mencionan *"Importantes deficiencias contables"*, exponer al respecto que el 21 de febrero fuimos notificados por el Área de Coordinación Xeral para que se insertase sobre cada uno de los justificantes de gastos e ingresos un código de vinculación con la finalidad de que fuese posible la fiscalización de los estados contables. El 23 de febrero se volvió a

remitir al Consello de Contas los 4 archivadores de información con todos los gastos e ingresos referenciados con el número de apunte del libro diario. Estimamos que estamos ante una deficiencia de menor consideración, que se subsanó en el menor tiempo posible.

3.- *"Los estados contables remitidos no están adaptados al Plan de contabilidad adaptado a las formaciones políticas aprobado el 8 de octubre de 2013"*.

En relación a este punto, la formación política En Marea ha seguido en todo momento en la elaboración de sus estados contables el Plan de contabilidad adaptado a las formaciones políticas aprobado el 8 de octubre de 2013 y vigente desde el 1 de enero de 2.014. De este modo y siguiendo el plan de cuentas y las directrices de dicho plan se han presentado el Libro Diario, el Libro Mayor y los Balances. No se ha presentado la memoria ni el estado de flujos de efectivo porque son dos estados contables que se elaboran una vez está cerrada la contabilidad anual de la formación política. Se procede en todo caso al envío de dichos estados contables para completar la contabilidad electoral.

Tras lo expuesto anteriormente,

Solicitamos:

Se tengan en cuenta los documentos aportados y sirvan para la correcta justificación de las incidencias detectadas en relación a los gastos de la contabilidad electoral. Asimismo procedemos a aportar con la finalidad de completar la contabilidad electoral la memoria y del estado de flujos de efectivo.

Santiago, 17 de marzo de 2017

Jose María Tubio Piñeiro
Administrador electoral de En MAREA

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS. ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 25 DE SETEMBRO DE 2016

Respecto do contido das alegacións e do seu tratamento cómpre facer as seguintes precisións:

O informe de fiscalización deste Consello contén aquelas modificacións que, como resultado da cualificación das alegacións, considerou procedentes.

Non se valoran aquelas alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades relativas a criterios ou opinións sen soporte documental ou abeiro normativo e que non contradigan o contido do informe por referirse a explicacións sobre as súas actuacións.

De seguido formúlanse as réplicas ás alegacións presentadas.

RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO PARTIDO POPULAR DE GALICIA

No escrito de alegacións presentado por esta formación política recalcan que contactaron, en repetidas ocasións, cos acredores por prestación de servizos que facturaron gastos electorais por importes superiores a 10.000 euros, para recordarlles a obriga de comunicación imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015.

Así mesmo manifestan a súa decisión de non realizar alegacións ao anteproxecto de informe de fiscalización.

Durante o período de alegacións e redacción do informe definitivo, das catro entidades prestadoras de servizos que estaban pendentes de efectuar a correspondente comunicación, téñense recibido tres de conformidade, co que soamente quedaría unha soa sen cumprir a obriga de comunicación, polo que actualízase o anteproxecto de informe facendo constar esta circunstancia no apartado 3.1.6 Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores.

RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE

Esta formación política comunica ao Consello de Contas que non efectúa alegacións ao anteproxecto de informe de fiscalización, polo que non procede efectuar ningunha modificación ao mesmo.

RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA

Alegación 1ª.

Propoñen mudar o título do cadro nº 7 polo de "Análise comparativa das subvencións máximas ás que terían dereito as formacións políticas".

O cadro 7 cuxo título se alega figura no apartado 2.3 DETERMINACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIÓNS. No texto do apartado indícase con axeitada claridade que se trata das contías máximas das subvencións a percibir polas formacións políticas atendendo á representación parlamentaria obtida e aos gastos máximos por envíos electorais, supeditadas a que se xustifiquen os gastos como regulares conforme ao disposto no artigo 127 da LOREX e o 19.5 da Lei 9/2015. Polo tanto, a proposta considérase excesiva e redundante e non procede efectuar ningunha modificación ao anteproxecto de informe.

Alegación 2ª.

Propoñen indicar nun asterisco ao cadro número 46 a circunstancia de que o pagamento realizado fóra de prazo pola formación política se corresponde cun pagamento fiscal.

No texto do apartado 3.4.7 Tesourería da campaña. Fondos líquidos, indícase con claridade a natureza, o importe e o prazo establecido polos artigos 125 da LOREX e 1.1 da Lei 9/2015. Na mesma páxina, a modo de resumo, insírese o referido cadro número 46. Considérase o feito suficientemente explicado, polo que modificar o cadro resultaría excesivo e redundante, non procedendo a modificación do anteproxecto de informe de fiscalización.

Alegación 3ª.

O artigo 23 da Lei 9/2015, establece para as formacións políticas a obriga de presentar ante o Consello de Contas, unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais, a cal debe axustarse ao disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como ao Plan de contabilidade adaptado polo Tribunal de Cuentas.

Coa excepción do BNG-NÓS C.G., as demais formacións políticas concernidas pola fiscalización teñen axustada a súa contabilidade ao referido Plan adaptado, é dicir, non atoparon motivo algún para aplicar un Plan de contabilidade diferente, non adaptado ás súas singularidades xurídicas, organizativas, patrimoniais, económicas e financeiras.

A alegación recoñece que a contabilidade electoral fiscalizada non está adaptada ao referido Plan de contabilidade, que entrou en vigor o 1 de xaneiro do ano 2014 sendo de aplicación para os exercicios que se inicien a partir de esa data.

Sen embargo, propoñen suprimir do texto do anteproxecto de informe as referencias a que a contabilidade da formación política electoral non se axusta ao Plan de contabilidade aprobado polo Tribunal de Contas, aducindo un adiamento *"de facto"* por mérito da disposición transitoria segunda da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos, eficaz desde o día 1 de abril de 2015, ata que o Tribunal de Contas proceda a adoptar un novo acordo sobre as normas contables aplicables ás formacións políticas.

En efecto, a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 3/2015, establece que *"Os partidos políticos, federacións, coalicións e agrupacións de electores incluídos no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, non estarán vinculados ao disposto no Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas aprobado por Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 26 de setembro de 2013 en tanto non se proceda, mediante novo acordo do Pleno, á súa adaptación á presente lei de acordo co disposto na disposición final oitava"*.

A disposición final oitava establece un prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei, 1 de abril de 2015, para adaptar o Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas aprobado por Acordo do Pleno do 26 de setembro de 2013.

Non consta que o Pleno do Tribunal de Cuentas tivera aprobado esta nova adaptación ao Plan de contabilidade.

Polo tanto, estímase o alegado procedendo realizar a correspondente modificación do anteproxecto de informe.

RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR EN MAREA

Alegación 1ª.

Achegan diversa documentación xustificativa de gastos non aportada durante o traballo de campo da fiscalización.

O anteproxecto de informe de fiscalización considerou non aceptables e, polo tanto non subvencionables, gastos por un importe de 2.530,79 euros.

Unha vez examinados os xustificantes achegados en alegacións, son considerados aceptables gastos por un importe de 1.305,86 euros.

Non teñen a consideración de gastos electorais subvencionables por un importe de 1.224,93 euros, os seguintes conceptos:

Conceptos	Importe (€)
Gasto non electoral. Minuta honorarios avogado	626,84
Gasto devindicado fora de prazo	130,00
Gastos de viaxe non xustificados	15,12
Gasto non electoral. Gasto farmacia.	2,97
Gasto non electoral. Compra de lentes (1)	450,00
Total non conforme	**1.224,93**

(1): Consecuencia dun sinistro ocorrido en tempo de campaña electoral, que podería ter cobertura mediante a subscrición dunha póliza de seguros axeitada. Este tipo de póliza de seguros é considerado gasto electoral pola normativa aplicable.

En conclusión, efectúanse as modificacións nas contías correspondentes no anteproxecto de informe, de xeito que, finalmente, os gastos ordinarios considerados electorais ascenden a 227.761,83 euros. Tendo en conta que xustificaron gastos por envíos electorais por 252.447,71 euros, a subvención total á que ten dereito esta formación política é de 480.209,24 euros.

Alegación 2ª.

Alegan que se trata dunha deficiencia de menor consideración e que renovaron no menor tempo posible o feito de que a documentación contable inicialmente presentada ao Consello de Contas adoecía de falta de organización, estrutura e ordenación dos documentos xustificativos así como a imposibilidade de asociar cada un dos documentos cun número de referencia contable, o que afectou negativamente ao desenvolvemento da fiscalización.

A renovación á que se refiren consiste en anotacións manuais sobre os documentos xustificativos que permitiu finalmente coñecer o número de asento do rexistro contable correspondente. Esta foi unha solución de urxencia, dada a gran cantidade de xustificantes e o escaso tempo dispoñible para efectuar as necesarias comprobacións sobre a totalidade dos documentos.

A presentación dos xustificantes clasificados e ordenados segundo a codificación da conta contable con constancia da data da operación e, como mínimo, conta de contrapartida, é imprescindible para poder efectuar a fiscalización no tempo e forma esixido pola normativa reguladora específica e as normas de fiscalización e auditoría pública vixentes.

En conclusión, non procede a modificación do anteproxecto de informe.

Alegación 3ª.

Alegan que aplicaron o Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas vixente desde o 1 de xaneiro de 2014 aportando neste trámite de alegacións a Memoria e o Estado de fluxos de efectivo.

Tendo en consideración que non teñen carácter vinculante os movementos contables incluídos na quinta parte do Plan de contabilidade e os aspectos relativos á numeración e denominación de contas incorporados na cuarta parte, excepto aqueles que conteñan criterios de rexistro ou valoración, e téndose aportado a totalidade dos estados contables esixibles no marco do Plan, considérase cumprida a obriga da levanza e presentación da contabilidade adaptada ás formacións políticas establecida pola Resolución do 8 de outubro de 2013 da Presidencia do Tribunal de Cuentas pola que se publica o Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 26 de setembro de 2013.

Na súa consecuencia modifícase, en tal sentido, o texto do anteproxecto de informe.